

The image shows the cover of a magazine. The background is a photograph of a person wearing a blue denim skirt and a maroon t-shirt. The t-shirt has a white rectangular patch with the text 'I ♥ FEMINISM'. To the left, there is a white feathered accessory. A green horizontal bar is overlaid on the top left, containing the magazine's title and details.

anda!na

revista galega de pensamento feminista
2014 prezo: 10 euros

65

- 3** Editorial
- 4** Adeus a Begonha Caamanho
- 4** Elena Colmeiro. Espacios da materia
- 6** Dúas mulleres
Ana Luísa Bouza Santiago
- 8** Algunhas reflexións sobre os debates en torno á prostitución
Cristina Garaizabal
- 14** Aborto: unha enorme vitoria
- 20** Da violencia contra as mulleres
Nanina Santos
- 26** Sentín a herba mollada...
Liliana Costoya Seco
- 27** Polbeiras
Patricia Arias Chachero
- [EXPOSICIÓN] **31** Muller de papel: papel de muller
Ana Sastre
- [LEMBRANZAS] **32** Carmucha, a miña primeira viaxe a América
M.ª Olga Fontán e Laura Lamoso
- [POESÍA] **34** Lara Rozados
- [LIBROS] **36** Como ser muller, *Cómo ser mujer* de Catlin Moran
Estrela Vilaverde Creo
- [LIBROS] **37** A destrutiva mentalidade patriarcal,
Sanar la civilización de Claudio Naranjo
Laura Gómez Lorenzo

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández

Ana Arellano

Patricia Arias Chachero

Celia Balboa Guerra

Ana Luísa Bouza Santiago

Zélia Garcia

Laura Gómez Lorenzo

M.ª Teresa Gómez Louzao

Pilar Pérez Rey

Saleta de Salvador

Nanina Santos

Iria Vázquez

Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Ana Luísa Bouza Santiago

Cristina Garaizabal

Carmen Acuña

Pilar Estévez

Nerea González Estévez

Mabel Pérez

Paula Rios

Nanina Santos

Liliana Costoya Seco

Patricia Arias Chachero

M.ª Olga Fontán

Laura Lamoso

Ana Sastre

Lara Rozados

Estrela Vilaverde Creo

Laura Gómez Lorenzo

Portada: *Flashmob* en Compostela, 28 de setembro

Fotografía de Zélia Garcia

Deseño gráfico: uqui.net

Imprime: **Grafisant, S.L.**

D.L.: C-1.146-88

A vida corre á présa, cada vez máis, sobre todo cando acontecen tantas cousas. Este ano que estamos a piques de acabar, comezámolo coa batalla contra a modificación da lei de aborto. Os diversos feminismos aparcaron as diferenzas para berrar ao unísono, alto e forte a vella consigna: *As mulleres parimos, as mulleres decidimos*. Avoas e netas, nais e fillas, unidas na mesma reivindicación, como se o tempo non pasase. A modificación que se pretendía significaba tal retroceso nos dereitos e liberdades das mulleres que mesmo era contestada por sectores do partido gobernante. Só os máis retrógrados da Igrexa católica e do PP estaban a favor do cambio que propuña Gallardón, pero foron tamén estes sectores os que axudaron a darlle a maioría absoluta nas pasadas eleccións xerais e o cambio da lexislación da interrupción do embarazo formaba parte dos compromisos adquiridos. Pero os votos mandan máis que as ideas e os compromisos e cando as enquisas comezaron a dar conta da perda de votos que podería supoñer esta modificación, a presidencia do Goberno fixo caso omiso das palabras do ministro de Xustiza que aseguraba que antes de finalizar o verán habería nova lei. O proxecto aparcouse *sine die* e o señor Gallardón deixou a política a cambio dun retiro douorado na Comunidade de Madrid. E así, da noite para a mañá, a reforma do aborto deixou de ser noticia e as loitas das mulleres polo dereito a decidir tamén.

Indubidablemente debemos celebrar este logro, conseguimos parar a lei. A longa campaña denunciando

e explicando os cambios que supuña o proxecto transitou por todas as cidades e por todos os medios, con manifestacións, programas de debate, vídeos, artigos nos xornais, declaracións en concellos de cidades e de vilas... e o respaldo maioritario da cidadanía a esta campaña sumouse

EDITORIAL

a outros moitos descontentos contribuíndo ao cambios na intención de voto, que no fondo é o único que lles importa aos actuais gobernantes, porque non hai ideas, non hai compromisos, só ansias de poder.

Pero unha vez celebrado, hai que recompoñer o baleiro que deixa tanta actividade, a loita contra a reforma do dereito ao aborto deu impulso ao feminismo, pero tamén nos deu unha lección: os logros non son permanentes, hai que estar alerta e afianzalos día a día da mellor maneira posible, que é afianzando as nosas ideas, collendo forza en nós mesmas e contribuíndo a espallar a seguridade e autonomía en todas as mulleres.

A vida corre á présa, cada vez máis... Desde o máis fondo desta crise, despois de anos de falsas prome-

sas e crúas realidades, de ver como a crise aumentaba a riqueza duns poucos mentres a maioría era cada vez máis pobre, algo parece moverse.

Si, é certo, a vida corre cada vez máis á présa, acumúlanse os acontecementos mentres asistimos expectantes aos cambios que se intúen

pola rúa e nas enquisas. O descontento supera xa todos os prognósticos e hai unha maioría social que reclama cambios, porque día tras día se suceden as noticias de subornos, defraudacións fiscais e evasión de capitais e a cidadanía non dá abasto para assimilar o alcance da corrupción e os enganados da clase dirixente, políticos e empresarios. É certo que non todos son iguais, pero a corrupción é tanta, tan grande e de tantos, que ás veces parece que a única diferenza está no grao de poder, que a maior poder, maior corrupción. Hai fartura de tanta miseria e


tanto engano, hai fame, hai noxo e hai unha forza que impele ao cambio; reclámase unha nova concepción da política, novas formas para os partidos de sempre e novos partidos... O cambio está aí, ao alcance da man... De verdade? Tamén para as mulleres? Os cambios que se intúen, que se prometen, non poden esquecer ás mulleres ou non serán cambios reais. De momento a foto segue sendo moi masculina, pero está nas nosas mans que tomemos o protagonismo e non só nas caras dos carteis, tamén os programas deben dar resposta ás loitas a favor dos dereitos sexuais e reprodutivos, contra a violencia, contra o machismo nos medios ou o sexismo no ensino... O cambio está aí, non podemos deixalo pasar. ■



O pasado día 28 de outubro, despedimos a Begonha Caamanho, muller valente e apaixonada, sempre comprometida con todas as causas solidarias e especialmente co feminismo, ao que en moitas ocasións prestou a súa imaxe e voz en actos públicos. Xornalista e novelista, contadora de historias, como lle gustaba dicir, deixa tamén unha pegada importante na cultura galega con dúas novelas, *Circe ou o pracer do azul* (Galaxia, 2009) e *Morgana en Esmelle* (Galaxia, 2012), esta última merecedora de importantes premios da crítica e da cultura galegas.

Ao acto de despedida en Boisaca achegáronse moitas das persoas queridas, familiares, amigas e amigos que tiñan vontade de compartir o sentimento de perda e baleiro que ocasiona a ausencia de Begonha. Transmitírono con palabras, con cancións e con escritos da propia Begonha que, unha vez máis, foi quen de darnos exemplo de valentía e xenerosidade.

Desde *Andaina* queremos sumármonos a todas e todos eles nesta aberta grande de adeus.



Madeira, 400 x 190 x 10 cm (2010)
Foto: Miguel Vidal. Fonte: Museo de Pontevedra



Elena Colmeiro

Espazos da materia

Baixo este rótulo, o 30 de outubro tivo lugar no Consello da Cultura Galega unha xornada coordinada por Chus Martínez Domínguez e Natalia Poncela e, organizada conxuntamente pola Comisión de Igualdade e a Sección de Creación e Artes visuais Contemporáneas da citada institución.

Desde os seus comezos artísticos na década de 1950, Elena Colmeiro (San Fiz de Margaride – Silleda) converte a escultura no seu territorio de experimentacións, achados e exercicios de liberdade creativa. A súa obra é unha permanente contribución á escultura cerámica contemporánea e a converte nunha artista pioneira fundamental neste eido. A xornada, que contou coa presenza da propia Elena Colmeiro e de profesionais do campo das artes e da cultura como Rosario Sarmiento Escalona, María Luísa Sobrino Manzanares, Yolanda Herranz Pascual, Hólga Méndez Fernández, Monse Cea, Anxela Ca-

ramés, Ana Romani Blanco, María Xosé Díaz, Chelo Matesanz, Caxigueiro e Miguel Anxo Rodríguez González, permitiu combinar accións de investigación, recoñecemento e difusión do pensamento, da traxectoria vital e da produción artística, e investigadora da escultura con aquelas outras destinadas á apertura de espazos de achega e reflexión ao lugar ocupado polas mulleres no evoluir do campo das artes visuais en Galicia.

A cita insírese dentro dunha liña de traballo anual iniciada pola Comisión de Igualdade do ccc e que desde 2009 é presentada ao público os últimos xoves de mes de outubro. Dirixida por María Xosé Agra Romero ten como obxectivo propiciar miradas en profundidade e detalle que permitan a achega a unha visión do corpus creativo e investigador de mulleres en toda a súa amplitude e singularidade, e crear espazos de reflexión, debate, documen-

tación e difusión para así coñecer o presente e avaliar o pasado e o futuro das mulleres nos diferentes ámbitos de actividade sociais e culturais. Xoana Torres, María Wonenburger, Olga Gallejo, Tareixa Navaza e Mabel Rivera foron as protagonistas de anteriores edicións. Permitiron revisitar campos como o literario, o das matemáticas e a álgebra, o da historia e a aquivística, o xornalismo ou nas artes escénicas e visuais e, realizar pescudas documentais en profundidade que accesibles ao público no espazo «cartografías»* do *Álbum de mulleres*. ■

* <http://www.culturagalega.org/album/cartografias.php>



Carme Forcadell i Lluís



Muriel Casals i Couturier

Dúas mulleres

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO

Dúas mulleres que lideran, como portavoces de milleiros, un activismo político certamente diferente ao que estamos afeitas a ver [...]

Unha das cousas que máis me chama a atención do proceso de autodeterminación catalán, que vivo como espectadora interesada, é a súa capacidade de construír o relato da nación cun gran consenso. Sorpréndeme ver como partidos políticos que teñen grandes diferenzas ideolóxicas sobre o modelo social que procuran, que diverxen en cousas tan importantes como a xestión do público ou a loita contra a pobreza, acordan traballar xuntos a prol dese obxectivo común da independencia, do dereito colectivo a decidir. Como, a pesar das claras discrepancias entre eles, nas reunións, nas declaracións, se em-

peñan en dar valor a aquilo que teñen en común.

Teño para min que non é menor a influencia, neste empeño a prol do consenso, de dúas entidades que actúan politicamente malia non ser partidos políticos e que renuncian expresamente ao confronto electoral no afán de aglutinar. Son Omnium Cultural e a Asemblea Nacional Catalá.

A primeira é unha asociación histórica de defensa da lingua e da identidade de Cataluña. Naceu en 1961 e, logo dunha forte implicación política durante o franquismo, traballou sobre todo pola normalización do catalán até que



Muriel Casals i Couturier e Carme Forcadell i Lluís

o agravio do *Estatut* en 2007 a levou a promover explicitamente un proceso de autodeterminación. Conta hoxe cunhas 40.000 persoas asociadas.

A segunda é una organización nova, nacida en 2012 expresamente para colaborar ao proceso de independencia, que explicitamente se compromete a desaparecer unha vez Cataluña teña Estado propio. Conta con arredor de 55.000 persoas asociadas. Nelas recae desde hai dous anos gran parte do peso da organización das demostracións nacionais, as marchas masivas e os actos nos concellos, a infraestrutura dos 11S e as consultas.

Xunto con outras moitas organizacións constrúen unha rede de cidadanía que combina espazos virtuais e presenciais, que ocupan a ágora catalá coa xente do común.

E á fronte, **Muriel Casals i Couturier** @murielcasals, presidenta de oc desde 2010, foi profesora de historia económica e vicerreitora da UAB, e **Carme Forcadell i Lluís** @Forcadell-Carme, presidenta da ANC dende a súa constitución, experta en normalización lingüística e concelleira até 2007 en Sabadell por ERC.

Dúas mulleres que lideran, como portavoces de milleiros, un activismo político certamente diferente ao que estamos afeitas a ver, xerando espazos de encontro e liñas de traballo que podan concitar acordos partidarios de amplo espectro e que mobilicen e ilusionen a millóns. Non teñen moito protagonismo, e menos fóra de Cataluña, nuns medios afeitos a considerar como actores políticos en exclusiva os partidos, que dificilmente ven as redes cidadás, e afeitos tamén a mostrar os liderados masculinos, e digamos «virís», que confrontan e retan, máis que os prudentes e modestos que negocian e xestionan.

Mais elas dúas levaron ao Parlamento europeo a campaña *Ara es l' hora* e promoveron un debate improbable dende un partido. Elas dúas demandan aos partidos soberanistas a unidade de acción necesaria para avanzar. Elas dúas propoñen alternativas de país (electorais ou non) e as condicións que as fan avanzar. O éxito do 9N é unha mostra máis deste outro xeito de facer política: accións pacíficas incluso de insubmisión, capacidade de negociación, ceder para avanzar, contar coas institucións e darlle o protagonismo á

xente, ir casa por casa preguntando como queres que sexa o teu país, ofrecer medios para colaborar no activismo a quen pode e quere contribuír, o que queira achegar... son formas do que se ten chamado nova política.

Lonxe da miña intención darlle valor de máis a aqueles elementos da socialización das mulleres que están na base do que Bourdieu chamou *violencia simbólica*, necesaria para a dominación masculina. E seguramente é certo que as armas das débiles son armas débiles. Pero cando algúns chaman a tomar o ceo por asalto, parecendo ignorar canto sufrimento e frustración provocaron esas estratexias de guerra, dúas mulleres empéñanse en tomar a terra por consenso.

E preguntome eu, casualidade ou causalidade? ■

TENGO SEXO CON HOMBRES A CAMBIO DE DINERO CUANDO YO QUIERO

¿De verdad no lo sabías?


Aunque tú no lo sepas, el 85% de personas (hombres, mujeres trans y mujeres) ejercemos la prostitución en el Estado español por decisión propia. Somos víctimas de la falta de derechos laborales que nos niega el Gobierno y de multas a nuestros clientes y a nosotras por captarles en la calle y esto ocurre en muchas ciudades. Que la ignorancia no sea tu excusa.

Ahora, ya lo sabes.

Paremos las multas a las prostitutas y las multas a nuestros clientes, ya que tan sólo empeoran nuestras condiciones de trabajo!!!

Es un consejo del
Colectivo Hetaira

Denuncias por delito de trata de seres humanos (art. 177 bis del Código Penal): en Hetaira o bien en el teléfono gratuito 900 105 090, atendido las 24 horas por policías especializados de la Brigada Central contra la Trata de Seres Humanos, y el correo electrónico: trata@policia.es, que preservan la confidencialidad de sus usuarios.



Algunhas reflexións sobre os debates en torno á prostitución

CRISTINA GARAIZABAL

Nos últimos tempos, nos debates sobre prostitución foron saíndo algúns conceptos e realidades nos que paga a pena deterse para ver se algo está cambiando nas políticas públicas cara a esta realidade.

O termo explotación sexual

A explotación é un concepto que, cando fai referencia ás relacións humanas, se emprega desde o punto de vista marxista para referirse ao resultado da apropiación capitalista da plusvalía ou, en termos máis xerais, fálase de explotación laboral para referirse ás inxustizas cometidas no ámbito laboral.¹ É dicir, é un termo que nas súas acepcións máis frecuentes fai referencia ás relacións laborais. Neste sentido, que

novidades achega a idea de explotación sexual? É máis, que se quere dicir exactamente con isto?

Como GAATW² manifestou nos acendidos debates que se deron no ano 2000 a raíz da aprobación por parte de Nacións Unidas do Protocolo para previr, suprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos, «non existe unha definición internacional do termo explotación sexual, co que cada país pode definir e abordar esta como considere apropiado, tendo así unha gran marxe de actuación». Así mesmo, o Alto Comisario para os Dereitos Humanos, en xuño de 1999, recomendou suprimir a expresión de explotación sexual para «evitar as dificultades de implementación inherentemente aso-

ciadas aos termos vagos, imprecisos e emotivos como “explotación sexual” cando estes son utilizados referíndose aos adultos». Pola súa parte, a Organización Internacional do Traballo tamén propuxo eliminar calquera referencia á expresión «explotación sexual» no protocolo.

Malia estas recomendacións, no noso país, a reforma do Código penal que tipificou o delito de trata en xuño

¹ Definición de explotación na Wikipedia.

² Global Alliance Against Traffic in Women (Alianza Internacional contra a Trata de Mujeres).

Considérase que a prostitución é dominio sexual dos homes sobre as mulleres e, en consecuencia, para abolila hai que acabar coa demanda

As ideas abolicionistas están calando cada vez máis nas institucións á hora de abordar o tema da prostitución

de 2010³ inclúe entre as finalidades desta a explotación sexual diferenciándoa do traballo forzoso, da escravitude e do comercio de órganos, aínda que en ningún momento define que significa este novo concepto. Un novo concepto que na práctica serviu para xustificar as múltiples redadas que se fixeron en clubs de prostitución, pero que non axudou á condena dos traficantes, xa que nos dous anos de existencia do novo delito tan só se produciron nove condenas.⁴ E chegado este punto, cabe preguntarse por que se popularizou tanto un concepto tan vago, indefinido e que se presta a tantas interpretacións subxectivas que impide a súa posta en práctica. Evidentemente non é pola súa funcionalidade, como creo ter demostrado.

Existe certo seguidismo cara ás posicións do feminismo abolicionista, xa que estas son funcionais para a dobre moral dominante que non quere que a prostitución sexa visible e menos aínda que as prostitutas se amosen autoafirmadas. Pero ademais, este concepto ten fortes connotacións emocionais, porque no ideario dun sector do feminismo aparece equiparado á apropiación, á mercantilización e cousificación do corpo das mulleres por parte dos homes, un elemento que reforza as desigualdades de xénero e que, en consecuencia, é desprezable e intolerable.

Entender a prostitución non como un intercambio entre persoas adultas de servizos sexuais por diñeiro, senón como a compra e apropiación das mulleres por parte dos homes é partir do imaxinario heteropatriarcal dominante e, en consecuencia, reforzalo. O estigma cara ás traballadoras do sexo aumenta, xa que son despoixadas da súa subxectividade e colocadas nun lugar no que parece que son só cousas ao servizo dos homes. Ignórase o aspecto transgresor que ten *a puta*, muller mala por excelencia no imaxinario dominante por mostrarse sexual e impoñer as súas normas no comercio sexual. Considerar que se compra o corpo das mulleres é cousificalas e anular a súa capa-

cidade de axencia, a súa capacidade de decidir que actos ofrecen, a quen aceptan como clientes e como e onde traballan, reforzando a súa posición subordinada. Ademais nestas análises esquecese que na prostitución non só traballan mulleres biolóxicas, aínda que estas sexan maioritarias. E, no concreto, tápase a diversidade que existe no exercicio da prostitución e ocúltanse as estratexias de empoderamento e autoafirmación deste sector de mulleres, a súa capacidade para mellorar as súas condicións de vida e de traballo, a súa capacidade de decisión, de impoñer os seus criterios nos pactos cos clientes..., e non se pensa en que facer para facilitar o desenvolvemento destas capacidades. En definitiva, considérase ás traballadoras do sexo unha categoría particular de mulleres que permanecen alleas aos avances que o feminismo posibilitou.

As traballadoras do sexo que traballan para terceiros nos clubs sofren frecuentemente abusos e explotación laboral, pero convén non confundir isto coa situación de escravitude que sofren as vítimas de trata. Como a OIT explica na *Guía sobre trata de seres humanos e traballo forzoso como forma de explotación*:⁵ «O concepto de “traballo forzoso” engloba manifestamente actividades máis graves que o mero incumprimen-

³ Título VII bis «De la trata de seres humanos».

⁴ Xornal *El País* (maio de 2013): «Las nueve condenas —seis hombres y tres mujeres— dictadas por las audiencias provinciales de Madrid y Barcelona entre finales de 2012 y abril de 2013 son el resultado de las cinco causas que han resuelto los tribunales desde que entró en vigor el delito. Según los jueces, los condenados, que han recurrido las penas impuestas de entre seis y veintidós años de cárcel, trasladaron con engaños a España, esclavizaron y obligaron a prostituirse a cinco mujeres, dos de ellas menores».

⁵ OIT, *Programa especial de acción para combater o traballo forzoso*, 2006.

to da lexislación laboral e das condicións de traballo. Por exemplo, o feito de non pagar a un traballador o salario mínimo obrigatorio non implica un traballo forzoso, mentres que si o implicará normalmente o feito de impedir que abandone o centro de traballo».

Para combater a explotación laboral é necesario o recoñecemento da prostitución como traballo e a regulación das relacións laborais cando median terceiros, facendo especial fincapé no recoñecemento dos dereitos das traballadoras do sexo e na defensa da súa autonomía e liberdade para decidir que actos sexuais ofrecen e a que clientes queren.

Confundir a explotación laboral co traballo forzoso ou a escravitude ao único que leva é a quitar gravidade a isto último e non axuda a crear un imaxinario colectivo que condene de maneira radical a trata e a escravitude, unha lacra indesexable en sociedades democráticas que aceptan e defenden os dereitos humanos.

A criminalización dos clientes

As ideas abolicionistas están calando cada vez máis nas institucións á hora de abordar o tema da prostitución. Na práctica, a proposta política da penalización dos clientes é a medida estrela. Nalgúns casos dáse a penalización de traballadoras e clientes e noutros só se penaliza a estes.

Esta medida conta con bastante respaldo entre moitos sectores feministas e creo que ten apoio social cando se trata de «medidas preventivas para reducir a demanda».

Esta situación levou a que os clientes da prostitución tamén estean estigmatizados: a realidade mudou, pasamos dunha época na que ir de putas era signo de masculinidade ao momento actual en que, debido ás presións de determinados sectores feministas, *ir de putas* considérase, en moitos sectores, case un acto de «violencia», «prepotencia» ou «dominio» dos homes sobre as mulleres.

A penalización dos clientes e o «desalentar a demanda» de prostitución foi

sempre unha proposta das abolicionistas. Considérase que a prostitución é dominio sexual dos homes sobre as mulleres e, en consecuencia, para abolila hai que acabar coa demanda. Idea simple onde as haxa, pero así a formulan: a prostitución existe porque os homes a demandan, logo se acabamos coa demanda acábese coa prostitución.

Esta proposta abolicionista está baseada nas ideas do feminismo cultural (K. Barry, Janice Raymond...). Segundo esta teoría feminista, estamos en sociedades «sádicas», as sociedades patriarcais están impregnadas de «sadismo cultural»⁶ e este reproducése a través da prostitución e da pornografía. Conciben que **todos** os homes forman un grupo compacto e homoxéneo fronte a **todas** as mulleres, que tamén son un grupo compacto e homoxéneo. Os homes exercen o seu dominio sobre as mulleres a través fundamentalmente da heterosexualidade. Sosteen que é nas relacións heterosexuais onde as mulleres aprenden a ser submisas ante os homes, estendéndose esa submisión ao conxunto da vida social. En consecuencia, a heterosexualidade nunca é concibida como unha opción sexual satisfactoria, senón como a institución fundamental onde se exerce o dominio patriarcal. As mulleres que a practican só poden ser vítimas (se sofren a relación) ou colaboradoras (se lles gusta) do patriarcado.

Así mesmo, desde o feminismo cultural, teorízase que homes e mulleres somos radicalmente diferentes e opostos, especialmente no terreo sexual. Conceptualízase a sexualidade masculina como depredadora, xenital, agresiva, violenta e letal fronte á feminina que é sensual, amorosa, romántica, difusa, etc. De aquí saen as posicións de que «todos os homes son violadores en potencia» ou de que «todos os clientes da prostitución buscan dominar ás mulleres».

⁶ K. BARRY: *Esclavitud sexual de la mujer*, Barcelona, La Sal, 1987.



Pasarela *Lumi Fashion 08* organizada polo Colectivo Hetaira

Existe certo seguidismo cara ás posicións do feminismo abolicionista, xa que estas son funcionais para a dobre moral dominante que non quere que a prostitución sexa visible

[...] é certo que o estigma que recae sobre as prostitutas e que é fomentado permanentemente polas políticas institucionais, por unha parte da sociedade e, aínda que pareza mentira, por un sector do feminismo, non favorece precisamente o bo trato, senón todo o contrario

Fronte á criminalización dos clientes, hai que propoñer a educación destes no respecto cara ás traballadoras

Resumindo, son posicións moi anti-home que parten de que as discriminacións das mulleres radican na maldade innata dos homes e particularmente na sexualidade masculina e que reflicten un pensamento profundamente binarista e maniqueo. J. Raymond é, tamén, unha das principais detractoras da transexualidade.⁷

Pero a realidade dos clientes é máis complexa. Polo que nos contan as propias traballadoras do sexo, polas enquisas que van saíndo e polo que sabemos non hai unha tipoloxía do cliente da prostitución ou, dito doutra maneira, existe unha gran diversidade entre os clientes: nas motivacións, no trato, na clase social, etc. Hainos que van de putas porque lles é máis cómodo que intentar ligar para botar un polvo, outros porque non teñen unha vida sexual satisfactoria, outros porque lles gusta o prohibido, outros porque se moven co esquema de *santas* (a súa muller, coa que foden coa postura do misioneiro para ter fillos) e *putas* (as idem coas que se pode obter todo tipo de praceres sexuais), outros pola súa diversidade funcional, outros porque non teñen a beleza ao uso ou son tímidos e non ligan... E tamén hai un sector de clientes que van porque queren «ter unha muller para facer con ela o que queren ou para dominala».

En canto ás actitudes que manteñen tamén son variadas, polo que nos contan as traballadoras do sexo. Hainos que se amosan tímidos, outros educados, outros asustados, outros avergonzados, outros prepotentes, outros agresivos, outros crueis, outros trátanas ben e outros mal...

Se partimos desta diversidade non podemos xeneralizar dicindo que todos os clientes da prostitución son *sospeitosos* de seren máis machistas que a media, nin moito menos aceptar que son uns agresores. Aínda que é certo que o estigma que recae sobre as prostitutas e que é fomentado permanentemente polas políticas institucionais, por unha parte da sociedade e, aínda que pareza mentira, por un sector do feminismo,

non favorece precisamente o bo trato, senón todo o contrario.

Pero ante as reticencias que se teñen cara a eles deberíamos preguntarnos que problema ten buscar sexo de pago? Desde o meu punto de vista, se a actitude é de respecto, non lle vexo o problema.

Na práctica, as traballadoras do sexo necesitan dos clientes. É máis, ultimamente quéixanse de que apenas se lles ve e, como é normal, considéranos un problema porque baixa o seu negocio. É dicir, clientes e traballadoras *van no mesmo saco* e a defensa dunhas implica tamén defender os clientes como categoría. Non se pode concibir unha sen o outro.

Ademais, o que xa sabemos ata a saciedade, a penalización dos clientes empeora as condicións de traballo das prostitutas: perden capacidade de negociación por seren os pactos rápidos e vense obrigadas a captalos en zonas máis perigosas e apartadas, co que aumentan as posibilidades de agresións.

Tamén, penalizar os clientes dá carta branca a que poidan ser agredidas máis facilmente, porque as mensaxes que se lanzan nas campañas institucionais reforzan as peores ideas dos homes ante as prostitutas: escravitude, prepotencia, etc.

Debemos defender os clientes, pero non de forma acrítica, porque en sociedades heteropatriarcais as actitudes de prepotencia masculina cara ás mulleres están á orde do día e os homes que utilizan a prostitución non están exentos das influencias machistas. Incluso, probablemente, polo estigma e a desconsideración social cara ás prostitutas é máis fácil que estas actitudes se manifesten.

Fronte á criminalización dos clientes, hai que propoñer a educación destes no respecto cara ás traballadoras.

⁷ J. RAYMOND: *El imperio transexual*, 1979.

O problema non é pagar por ter sexo, o problema pode estar nas actitudes que se manifesten ante as prostitutas cando se utilizan os seus servizos.

Neste sentido, creo que debemos defender a non estigmatización das traballadoras do sexo, a súa dignidade e a necesidade de que sexan respectadas, porque a desconsideración social que hoxe sofren potencia as actitudes agresivas cara a elas. Hai que seguir educando á poboación no respecto polo traballo sexual e as traballadoras. Hai que seguir educando aos homes no respecto e o trato igualitario cara ás mulleres, independentemente do traballo que estas realicen. E, en particular, hai que desculpabilizar e desestigmatizar o feito de usar servizos sexuais de pago e hai que educar a quen os utiliza no respecto cara a quen ofrece estes servizos. E, obviamente, hai que reclamar dereitos para que elas poidan defenderse dos abusos e das tropelías que poden sufrir xunto cun labor de empoderamento e profesionalización

das prostitutas, para que poidan plantar cara ás actitudes de prepotencia masculina que poden ter algúns clientes.

A vía laboral e de recoñecemento de dereitos non é o regulacionismo estatalista

Nos últimos tempos algúns sectores pronunciáronse por unha **regularización da prostitución**. En que consistiría? Pois creo que se pretende **criminalizar** a prostitución de rúa e botalas a todas en mans dos clubs, pero sen ter en conta que aí se establecen relacións laborais e sen regulalas, de maneira que as traballadoras seguirán estando sen dereitos fronte aos abusos e as condicións laborais que os empresarios imponen, seguindo así o que defendeu ANELA (Asociación Nacional de Empresarios de Locais de Alterne) ante Esperanza Aguirre. Se este tipo de regulación da prostitución se dese serviría para tranquilizar aos empresarios dos clubs, que non serían acusados de **proxenetismo** (como poden selo na

actualidade) ou, o que é peor, de **explotación sexual**, un novo delito desde que se reformou o Código penal, no que se equipara coa trata.

Desde Hetaira coñecemos o que significou este tipo de regulación da prostitución para as traballadoras do sexo: criminalización das que captan a clientela na rúa, despreocupación polas condicións nas que traballan e non recoñecemento dos seus dereitos. A experiencia de Austria demostra ben isto que acabo de explicar.

Por todo isto, non estamos pola regularización e menos a través do Código penal. Hetaira está polo recoñecemento dos dereitos das traballadoras sexuais a través das leis laborais que deberían lexitimar legalmente a prostitución como traballo. Para o conflito na rúa, negociación de espazos fronte á penalización ou criminalización da prostitución de rúa e políticas persuasivas (as traballadoras sexuais son as primeiras interesadas en traballar en mellores condicións na rúa) fronte á imposición penalizadora.

Parécenos ben que desapareza o termo explotación sexual como delito do Código penal, polo confuso que é (ninguén sabe a que se refire), polas dificultades para a súa implementación (como din algúns informes do Tribunal Supremo) e, fundamentalmente, porque é un termo que en si mesmo mestura e se refire tanto á prostitución voluntaria como a situacións de trata...

En resumo, preocúpanme os intentos de **regularizar a prostitución** sen ter en conta os dereitos das traballadoras do sexo e dando carta branca aos empresarios para que abusen laboralmente delas, sen cuestionar os beneficios que hoxe sacan das traballadoras; sen recoñecer que existen relacións laborais entre estas e as traballadoras e criminalizando aquelas traballadoras máis autónomas que captan a súa clientela na rúa. ■



Pasarela *Lumi Fashion 08* organizada polo Colectivo Hetaira



Aborto:

unha enorme vitoria



Ás experiencias gañadas na Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto ao longo de case dous anos veu sumarse esa enorme vitoria de obrigar ao Goberno a retirar o seu infame proxecto e ao ministro do ramo. Enorme vitoria que deu azos e alento a quen participamos nela, a quen a seguiu e a quen desconfiaba de que poidamos cambiar nada cos esforzos colectivos.

Gañamos e estamos orgullosas e contentas da vitoria. De todo iso dá conta a reportaxe gráfica, da man de Zélia Garcia e Sonia Daponte, e as opinións de membros da plataforma, a quen lles pedimos unha colaboración de media páxina. A todas as nosas convidadas agradecemoslles a súa achega. Esperamos que, entre as que escribiron, quen se cinguiu á nosa indicación de espazo non se sinta comparativamente agraviada no noso trato con respecto a quen se estendeu máis. Desculpade, sóubonos mal a última hora e ás presas reenviar os traballos ás autoras para que recortasen. Noutra ocasión estaremos máis dilixentes.

ANDAINA

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto xuntou todas as organizacións que se sentiron chamadas a moverse activamente cando o Goberno de Rajoy, co seu ministro Gallardón, tentou impor a súa ideoloxía e *pagar os seus servizos* á xerarquía da Igrexa nacional católica polo apoio para chegar ao goberno.

Da súa constitución, integrantes e manifesto pode verse o artigo «As mulleres decidimos» nas páxinas 12-13 do número 63 (2013) de *Andaina*.

Foi unha iniciativa interesante: desde o PSOE até as organizacións políticas máis á esquerda. Organizacións sindicais, cívicas e sociais, de sanidade, xuvenís e feministas representando un abano amplo de sensibilidades.

Botouse a andar, decidida a non permitir que se saísen coa súa. Que a so-

cidade aberta e plural que construímos non fose ignorada por un Goberno teimudo en impoñer a súa ideoloxía e que a dura loita librada a prol do dereito ao aborto das mulleres desde 1979, e gañada aínda con limitacións, se veña abaixo porque unha minoría da sociedade (que non acadou o 20 %) estea mal a gusto coa regulamentación da interrupción voluntaria do embarazo nunha lei de prazos aprobada en 2010.

Traballamos conxuntamente, limamos asperezas, desconfianzas (algunhas), leváronse adiante iniciativas orixinais e vistosas (tipos de manifestacións, escritos ao Valedor do Pobo con entregas masivas, rexistros *dos nosos corpos*, facerse notar *moito* no Parlamento cando as tres deputadas de AGE, BNG e PSOE defenderon o manifesto da plataforma en sesión plenaria...) e desde logo mantívose un nivel de mobilización á altura das necesidades.

Quixemos conseguir que as mozas novas tivesen unha participación activa e tomasen a palabra en nome da plataforma, fosen quen de representala en charlas, diante dos medios de comunicación..., porén as inercias teñen tanta forza e, en ocasións, as présas..., que foron sendo *atropeladas* ás veces polas mulleres de máis idade, máis experiencia ou, se cadra, máis habituadas ao liderado.



Fotografías: Sonia Daponte
(8 de marzo en Vigo)



Teríanos gustado que o conxunto de organizacións que formaban parte da plataforma acudisen ás xuntas, fosen activas, implicasen á súa militancia e... Isto non foi así, de xeito que as xuntas da comisión nacional —en consecuencia tamén as locais— eran reducidas se contamos o número de organizacións integrantes dela. Isto parece que é un pouco inevitable. Tivo tamén a graza, por outra banda, de que as persoas que máis a oito nos encontrabamos tecemos redes, complicidades, coñecemento, cariño, tan importante para traballar en común e sobre todo para convivir, para escoitarse e ser quen de chegar a acordos.

O sempiterno problema do reparto de traballo, a tan distinta implicación de unhas e outras persoas. Tarefas enteiras nalgunhas persoas (páxina web, finanzas...), cos abafos e as responsabilidades, os encargos, os compromisos e..., os riscos e perigos que entraña tan desigual reparto de cartas, dos que as moitísimas experiencias organizativas tantos exemplos proporcionan.

O clima saudable que, en xeral, se respiraba tivo que ver con sentir a ameaza tan palpable e a necesidade de erguer resistencias. Porén, se cadra, tamén con que o acordo *de mínimos* nos dese unha marxe ampla de comodidade pola innegable xenerosidade de todas as organizacións e persoas presentes.

Seguramente non será fácil poñernos de acordo ou conseguir denominadores comúns claros e vibrantes capaces de cimentar loitas conxuntas tan necesarias noutras cuestións.

A experiencia da PGDA foi estupenda, ademais do dito, porque se saldou cunha vitoria macanuda e co destronamento de semellante ministro.

Agora está en carteira decidir se somos quen de seguir unidas para loitar e facer causa común en cuestións como a violencia de xénero que tanto nos inqueda. O debate está aberto e xa veremos que somos capaces de facer.

Para o camiño que estamos explorando seguir, sería do máis valioso que as non sempre boas prácticas mellorasen: máis e mellor reparto de cartas, refrearse as maiores e ser quen de ceder máis espazo —real e simbólico— ás mulleres novas, ser máis escrupulosas nas *representacións* e nos acordos tomados, así como na súa transmisión.

Estas experiencias permiten tamén adestrarse na defensa das propias ideas, nos intercambios de opinións e na capacidade de argumentar, nos liderados, nas capacidades de facer equipos, todo isto moi valioso e do que, non estará de máis dicir, que as mulleres estamos, tamén, necesitadas.

Hai faena e seguro que hai cousas importantes que podemos facer manténdonos unidas, pese ás diferenzas

existentes ou aínda que as distintas posicións a respecto de cuestións que abordemos (a cuestión da violencia machista ou aspectos relevantes das discriminacións viventes) sexan fondas. Pode que non sexa fácil encontrarnos moi cómodas, porén a marxe para denominadores comúns dá lugar á esperanza.

Bastantes das organizacións que conformamos esa unidade e que previsiblemente seguiremos conformándoa, fornécense de mulleres e homes. Para nós é relevante. A implicación activa dos varóns que loitan a prol da igualdade e a non discriminación das mulleres ten tamén que facerse visible non só nas manifestacións e nas expresións públicas da plataforma, tamén nas propias xuntas. Faríase evidente así a súa implicación e a súa presenza. Non é unha Plataforma de mulleres. A súa inspiración e alento feminista en defensa do dereito ao aborto fai moi necesaria a presenza, enerxía, ideas e colaboración dunhas e doutros.

O que decidamos agora debe profundar na necesidade de que cada vez máis amplos sectores da sociedade se impliquen na defensa, tamén, da igualdade salarial, por exemplo; na educación igualitaria no seo das familias, das institucións escolares e os medios de comunicación e, desde logo, no combate da violencia machista.



CARMEN ACUÑA

MULLER e socialista, deputada do PSdeG-PSOE

De boa nos libramos!!!

Levo anos vivindo. Levo anos loitando e ademais por algo tan elemental e tan básico como é a igualdade entre as persoas, os homes e as mulleres.

Loitando, igual que facedes todas vós, na casa, no traballo, na organización na que milito e na sociedade, e sempre con esa sensación de estar nun perverso baile..., «un pasito palante, un pasito atrás».

O conseguido hoxe con tanto esforzo quítannolo mañá nun instante cunha lei ou cun decreto, dun vasoirazo... O avanzado en séculos retrocedémolo nun instante... Os nosos dereitos de persoas son eliminados impunemente por algúns gobernos por *lei*. As nosas vidas entregadas e postas, sen sequera despeitarse, a disposición de ideoloxías, de crenzas de relixións.

A reforma pretendida polo o Goberno Popular da IVE, prohibindo o aborto, e o que Feijoo está a facer cos nosos dereitos sexuais e reprodutivos é o exemplo máis claro da absoluta falta de respecto que o PP, esa dereita reaccionaria que nos goberna, amosa polas mulleres.

Sabemos moi ben que anular o noso dereito a decidir é o mais grande ataque que se nos pode facer ás mulleres, que se lle pode facer a igualdade. E ante iso unímonos, mobilizámonos e conseguimos paralo pero, non nos enganemos, a ameaza persiste.

O machismo e a dereita seguen aí aliados contra as mulleres e por iso, amigas, compañeiras, mulleres, non podemos baixar a garda. Temos que seguir loitando, **todas por todas.**

Grazas e parabéns para todas polo feito e ánimo para todas para loitar todo o que nos queda por loitar.

PILAR ESTÉVEZ

Marcha Mundial das Mulleres

Sinerxías de consenso, tecendo redes na marea lilá pola nosa liberdade para decidir

Volvendo a vista atrás reviso cada unha das imaxes da Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto e teño unha sensación de benestar, de ser parte dunha resposta clara e contundente. Ser parte da marea lilá que percorreu as rúas de Compostela, rúas e prazas de todo o país, cunha loita entusiasta e contundente, sendo a voz da maioría social en contra da contrarreforma da lei do aborto, canalizando toda a indignación e a rebeldía fronte á castración dos nosos dereitos, fronte a quen pretendía cuestionarnos



Fotografías: Zélia Garcia (*flashmob* en Compostela, 28 de setembro)

como protagonistas e donas das nosas vidas (o PP co brazo executor dun ministro destronado no intento ao compás da Igrexa). A plataforma fomos quen de ser o *altofalante* das mulleres manifestando a nosa rebeldía, a nosa rabia e o rexeitamento frontal aos secuestradores dos nosos corpos.

O feminismo situouse no centro do debate social a través das *mulleres feministas* das organizacións que a integran e de moitas outras. Fomos quen de aglutinar as organizacións sociais, políticas e sindicais nunha loita común *que non por ser evidente* supón a unidade de acción. A nosa forza está na unidade, desde o respecto á diversidade con intelixencia feminista, en ter claro que estamos no consenso polo dereito a **DECIDIR. No noso corpo, na nosa cona non manda ninguén.**

Fomos quen de espertar ás mozas novas do soño, da ilusión óptica, de que todo estaba logrado, reactivarnos, estar todas en alerta!! **Altofalante con rebeldía feminista** con formas de loita diversas, con ledicia revolucionaria. **Seguimos en alerta feminista** para manter os dereitos conquistados. *O dereito a ser nai pasa polo dereito a non selo.*

Emocionada por atopar e reencontrarme con mulleres visionarias e intelixentes na **PGDA**

Sendo protagonistas na historia.



NEREA GONZÁLEZ ESTÉVEZ

Xuventude Comunista

Cando me preguntan que é a PGDA, só podo pensar en dúas palabras: esforzo e vitoria. Foron duros os meses nos que as xuntanzas e as mobilizacións non paraban, mais conseguir que o país apoiase as nosas reivindicacións co ánimo de gañar fixo que non desfaleceramos. Ao feminismo galego aínda lle queda moito por conquistar. Nós, a Xuventude Comunista, estamos seguras de que estes meses de aprendizaxe farán que a consigna *unidade contra os seus ataques, feminismo como resposta* tome sentido.

**Non máis asasinatos machistas.
Aborto libre e gratuíto!**

MABEL PÉREZ

cc. oo.

Celebramos que o Goberno retire unha reforma que supón un atentado histórico contra o dereito e a liberdade das mulleres a decidiren sobre a súa maternidade, pero mantémonos alerta porque a loita aínda non está gañada.

En cc. oo. temos claro que calquera retroceso neste dereito é inadmisíbel e felicitámonos polo traballo da Plataforma Galega, unha fronte colectiva de cor lila que, ante unha agresión tan grave, foi quen de dar unha resposta plural, con vontade de maioría social. Esta posición firme, alicerzada na razón e sostida no tempo, deu dobregado vontades de Goberno. Seguiremos vixiantes, solidarias, creativas e feministas. Sempre.

PAULA RIOS

Representante MNG

Ao longo de mais de un ano na Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto movemos-nos en defensa do dereito a decidir sobre a nosa gravidez e o traballo unitario e constante colleitou unha vitoría. Mas é claro que non podemos confiar-nos, o Goberno do PP reformará a normativa para que as mulleres de 16 e 17 anos precisen de consentimento para interromper a súa gravidez e apostará por un Plano de Protección da Familia.

O feminista non é un repto inmediateista sobre unha lei determinada, esta é unha luta de comprido calado e percurso e desde as MNG achamos imprescindíbel a continuidade do traballo unitario. ■

Da violencia contra as mulleres

NANINA SANTOS

É un drama que se cobra cada ano miles de vítimas mortais no mundo; centos de miles de vítimas de violacións e abusos sexuais, trata de persoas, prostitución forzada, ablacións xenitais, infanticidios de nenas e abortos selectivos, secuestros e torturas e malos tratos no ámbito familiar ou acoso sexual no ámbito laboral.

A **violencia contra as mulleres e as nenas** é probablemente a violación dos **dereitos humanos** máis habitual e que afecta a un maior número de persoas. Ademais está presente en todas as sociedades do mundo, independentemente de cal sexa o seu sistema político ou económico. A violencia contra as mulleres non

sabe de culturas nin de clases sociais nin de etnias. Este escándalo cotián maniféstase de diferentes xeitos e ten lugar en múltiples espazos, pero posúe unha raíz única: a discriminación universal que sofren as mulleres polo mero feito de selo.

<https://www.es.amnesty.org/temas/mujeres/violencia-contra-las-mujeres-y-las-ninas/> 2014

A violencia contra as mulleres non é exclusiva de ningún sistema político ou económico; dáse en todas as sociedades do mundo e sen distinción de posición económica, raza ou cultura. As estruturas de poder da sociedade que a perpetúan caracterízanse polo seu fondo arraigo e a súa intransixencia. En todo o mundo, a violencia ou as ameazas de

violencia impiden ás mulleres exercer os seus dereitos humanos e gozar deles.

AMNISTÍA INTERNACIONAL: *Está en nuestras manos: No más violencia contra las mujeres*, EDAI, 2004.

Porén temos que admitir que, aínda que non é exclusivo de ningún sistema político ou económico, as culturas e os sistemas políticos importan, existindo diferenzas abismais entre uns países e outros ou unhas e outras culturas. En non todos os países hoxe se practican o infanticidio de nenas, os abortos selectivos, os matrimonios forzados ou as vendas de mulleres e nenas así como



Fotografía: Zélia Garcia

as ablacións xenitais, e isto non se pode pasar por alto.

Tamén importa matizar, e moito, que esa discriminación universal que sofren as mulleres polo feito de séreno non quere dicir que se padeza igual en tan distintos lugares do mundo nin que todas as mulleres que a padecen a padeczan de idéntico modo e coa mesma gravidade.

Vén de moi lonxe esa violencia e só recentemente pasou a considerarse un feito social¹ e non un problema particular, razón pola que non se vía a necesidade, por exemplo, de elaborar estatísticas. Isto foi un dos logros da loita

feminista: denunciar a violencia exercida contra as mulleres e levar a cuestión ao foro, ao espazo público vencendo as moitas resistencias existentes para a manter como cuestión reservada ao ámbito familiar, ao ámbito persoal ou a cuestións privadas.²

Esta violencia, a violencia machista, é un problema estrutural das nosas sociedades. Forma parte delas e por moito tempo teremos que convivir con ela, que non afacernos nin deixar de combatela. Para bater nela e crebar os piares sociais nos que asenta, temos que coñecer máis e mellor esta violencia, investigando, non conformarnos con

ideas xerais, con preconceptos, con esquematismos, con lugares comúns nin con frases feitas. Tampouco crer que por máis soflamas ou unha linguaxe máis radical combatemos mellor esa violencia.

¹ Foi en decembro de 1993 que Nacións Unidas aprobou a *Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller*.

² Unha desas resistencias –e non a menor–, a conciencia de que a violación ou os abusos sexuais eran culpa das mulleres e cuestións de honra que agraviaba á familia; e os malos tratos, *trapos suxos* a lavar en casa.

Nesta liña de saber máis, a Axencia da Unión Europea para os Dereitos Fundamentais realizou de 2010 a 2012 unha entrevista a 42.000 mulleres dos 28 estados membros, por un equipo que previamente recibiu formación de expertos en violencia. Fixéronse entrevistas a un mínimo de 1500 mulleres de cada estado, de idades comprendidas entre os 18 e os 74 anos, por parte de mulleres nas casas das entrevistadas co obxectivo de coñecer:

- ▶ A extensión da violencia sufrida por mulleres nos estados membros.
- ▶ As diferentes formas de violencia.
- ▶ Quen exerce a violencia contra as mulleres.
- ▶ Cales son as consecuencias.
- ▶ Se as mulleres comunican a súa experiencia á policía, a outras autoridades ou organizacións.
- ▶ Se hai diferenza entre as mulleres en función da súa idade, educación ou situación profesional.

O cuestionario

Violencia física

Desde os 15 anos ata o presente/nos últimos doce anos, cantas veces:

- Te empurraron ou zarandearon.
- Che deron de labazadas.
- Tiraron obxectos contra ti.
- Te agarraron con forza ou che tiraron do cabelo.
- Te golpearon co puño ou cun obxecto duro, te patearon.
- Te queimaron.
- Trataron de afogarte ou estrangularte.
- Te cortaron ou apuñalaron ou dispararon contra ti.
- Che golpearon a cabeza contra algo.

Violencia sexual

Cantas veces alguén:

- Te forzou a manter relacións sexuais suxeitándote ou mancándote dalgún xeito (sexo oral, anal ou penetración vaginal).
- Á parte disto, tentaron forzarte a ter relacións sexuais suxeitándote ou facéndoche dano dalgún xeito.
- Á parte disto, obrigáronte a tomar parte en calquera actividade sexual cando non o desexabas ou te vías incapacitada de negarte.
- Ou consentiches manter actividade sexual cando tiñas medo do que che podía pasar se te negabas.

Dos principais resultados

Arredor do 31 % das mulleres sufriron un ou máis actos de violencia física (desde a idade de 15 anos). Aínda que a maior parte das mulleres adoita indicar que foron empurradas ou zarandeadas, se excluimos este xeito de violencia, iso ten un limitado efecto sobre a porcentaxe de violencia física, que baixaría do 31 ao 25 %. Isto reflicte o feito de que moitas mulleres que din que foron empurradas ou zarandeadas experimentaron tamén outras formas de violencia física. Un 34 % das vítimas de violencia física por parte dun anterior compañeiro experimentaron máis de catro formas de violencia física. Os xeitos máis comúns de violencia son empurróns ou zarandeos, labazadas, agarrar con forza ou tiróns de cabelo.

Un total de 11 % de mulleres sufriron algún xeito de violencia sexual (desde os 15 anos), xa sexa por parte do seu compañeiro ou por outra persoa. Un 5 % foi violada. Das mulleres que afirman que foron vítimas de violencia sexual por outra persoa que non era o seu compañeiro, case unha de cada 10 indica que máis dunha persoa participou na agresión.

As diferenzas entre estados son moi relevantes³ e nas conclusións deste estudo apúntanse, de xeito provisional, cinco posibles explicacións, aínda que din que todas requiren maior investigación para seren corroboradas:

1. En que medida se considera aceptable falar con outra xente sobre experiencias de violencia contra as mulleres.
2. Unha maior igualdade de xénero conduce a unha maior visibilidade da violencia contra as mulleres.
3. Maior exposición das mulleres aos factores de risco de violencia, particularmente fóra da casa (ser nova, determinados tipos de emprego, maior desafío dos roles de xénero tradicionais, máis exposición a sufrir violencia).
4. Diferenzas entre os países no que se refire aos niveis xerais de crimes violentos.

5. Diferentes patróns no que se refire ao hábito de consumir bebidas alcohólicas.

Até aí as noticias do estudo, o cuestionario e os principais resultados que poden consultarse en: http://fra.europa.eu/sites/default/files/fra-2014-vaw-survey-factsheet_es.pdf

Un resumo brevísimo en español e a totalidade do estudo en inglés pode atoparse en: <http://fra.europa.eu/en/project/2012/fra-survey-gender-based-violence-against-women>

É unha boa noticia que se estude a cuestión na Unión Europea por encarga do Parlamento Europeo e que non se precipiten as conclusións sen outros abundamentos. Non obstante, sorprende que non se considere inicialmente esas explicacións o peso das distintas relixións, do protestantismo, e o calvinismo en particular, e o catolicismo, así como a moi alta contención (ou represión) das sociedades nórdicas.⁴

Se partillamos a idea de que forma parte das nosas sociedades, que é «conxénita»—a socialización de homes e mulleres, as estruturas sociais, a organización da produción e a reprodución— teremos que convir:

a) Por bastante tempo teremos que convivir con este problema

b) Non están os gobernantes e as institucións (sempre hai algunha excepción) facendo os seus deberes:

Investindo nunha socialización de rapaces e rapazas máis acorde á igualdade. Nas institucións educativas (sinaladamente desde os primeiros niveis e na adolescencia); nas escolas de nais e pais; nas televisións públicas; nos programas municipais e autonómicos de igualdade en barrios, vilas, festas... Na formación de todo o funcionariado de calquera nivel (policías, persoal sanitario, docentes, da Administración...) en igualdade e contra a violencia. Na detección e tratamento...

Isto non se está facendo. Elimínouse a educación para a cidadanía (que xa se recortara sobre o plan inicial); recortouse en igualdade e nunca se investiu

nada nos centros escolares, por só citar un exemplo.

Que é iso de que «no podemos axudarlal as si no denuncian. No podemos axudarlal as, no podemos apostar, y no digo el Gobierno, digo toda la sociedad, si esas mujeres no denuncian» (Ana Mato, ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, rolda de prensa, 25 de xuño de 2012)? Pero de qué está falando Ana Mato? Que xeito máis perverso e desvergonzado de facernos crer á sociedade que o Goberno nos procura e elas, as que padecen malos tratos e non denuncian, non queren a axuda capaz de salvarlas.

Deixádeme, ademais que traia aquí isto: «Me pueden dar un golpe, me pueden llevar un pedazo, pero yo no vuelvo a denunciar» (muller dominicana que viu denegada a orde de protección e arquivadas as súas dúas denuncias por violencia de xénero en 2012). Convén reflexionar sobre isto para non facer da denuncia a panacea e non esmagar máis aínda ás que non queren denunciar. Unha cuestión é a vella consigna do feminismo dos anos oitenta *Muller perde o medo, denuncia con nós*, que convén seguir alentando, e outra facer da denuncia individual *conditio sine qua non* para todo: protección, seguridade e axudas.

³ A porcentaxe de violencia do compañeiro actual vai do 30-32 % en Finlandia, Dinamarca, Lituania ao 13 % en Austria, Croacia, Polonia, Eslovenia e España. As porcentaxes de violencia doutra persoa presentan un mesmo grao de dispersión, desde o 34-40 % en Suecia, Holanda e Dinamarca ao 10 %-11 % en Portugal, Grecia, Polonia. As porcentaxes da violencia do compañeiro e doutra persoa correlaciónanse, o que significa que os países cunha prevalencia máis alta de violencia do compañeiro teñen tamén, na maior parte dos casos, unha alta porcentaxe de violencia doutra persoa.

⁴ Interesa reflexionar sobre os comportamentos incívicos e mesmo violentos de sectores importantes desa cidadanía cando viaxan a países do sur de Europa e nos estadios de fútbol.

Alguén realmente cre que cando as mulleres denuncian rematou o problema? Rematou para elas e para as que veñan detrás? As denuncias son unha vía —e ás veces un auténtico calvario para quen entra por esa vía—. Ademais non é razoable supoñer que as mulleres que están padecendo malos tratos de media e alta intensidade (pola gravidade e a frecuencia dos golpes) son idiotas e que non saben o que é mellor para elas coñecendo, como coñecen, o percal. É posible unha protección efectiva e real dun perverso asasino? Si, eses que

están dispostos a perseguir a súa vítima até conseguir matala.

c) A cidadanía tampouco estamos facendo os nosos deberes, aínda que as responsabilidades se reparten desigualmente

Dos pais e das nais que educan as súas crianzas non só nin principalmente polo que din, senón *polo que fan* predicando co exemplo e, máis que ningunha outra cousa, polas diferentes expectativas que poñen nos fillos e nas fillas (unha das bases da construción da estima e a identidade). O feito de nacer con

colita cambia moitas cousas. Pero sobre todo cambia máis o que se proxecta nas crianzas que nacen *con cola* e nas que nacen *sen cola*.

Non nos enganemos. É fácil e até cómodo cando falamos disto referirnos á sociedade abstracta e abandonar as nosas propias casas e as nosas contribucións inconscientes ou non.

Do profesorado, todo, desde as garderías até os últimos cursos de carreiras universitarias, másteres ou FP. Como sempre fixemos así, non hai que esforzarse en refrear as inercias educacio-



Fotografía: Zélia Garcia



Fotografía: Zélia Garcia

nais sobre o que debe ser unha nena e como debe comportarse (que cousas non se poden permitir nelas e que cousas si se poden tolerar neles, porque...); sen reparar agora no doado que é aprender os nomes deles, porque se fan notar para seren nomeados, personalizados, singularizados e a elas podemos seguirlas vulgarizando e mantendo no plural porque son boínas e están afeitas a unha existencia subordinada. Ou o uso da linguaxe ou o esquecemento da existencia das mulleres, os seus afáns e os seus logros na vida comunitaria desde a existencia da especie, ou o seguir abundando nas ideas ás veces expresadas de xeitos moi sutís, de que elas valen máis para isto (o doméstico, a vida familiar, carreiras e profesións de *coidados* e eles parecen chamados a ser xenios da vida pública, tecnolóxica, de invencións ou deportiva).

Dos profesionais dos medios de comunicación que seguramente cren non ter a máis mínima responsabilidade nas súas achegas á construción e mantenta desta sociedade: nas fotos que seleccionan, nos pés de fotos, nos titulares, nos xeitos de redactar as noticias e nas decisións de que son noticias e que non son noticias, de como organizan os

foros e os debates nos que a presenza de mulleres é ínfima, por non usar palabras máis grosas. Sempre está a cousa de botar as pelotas para os tellados dos directores dos medios, do empresariado do sector e outros etecés.

Dos profesionais da publicidade, da saúde pública... E de todos e cada un de nós, cidadáns e cidadás, que temos que revisar e cuestionar moita da herdanza recibida para corrixir ideas e sobre todo comportamentos que non por *normais* e repetidos, se son machistas, deixan de selo, e se son violentos, acougan.

Das grandes corporacións da industria, o empresariado en xeral, a banca e sinaladamente da Igrexa católica, falamos noutro momento. Das súas responsabilidades, por acción e por omisión.

Para unha parte relevante do feminismo a cousa está clara: os homes son depredadores (violan, golpean, matan) e empoléiranse sobre o traballo silencioso e silenciado das mulleres para mantelas baixo o seu dominio. As mulleres, pola súa parte, padecen, pobres vítimas, os seus ataques e o seu afán de poder, sendo así que todo canto lles acontece ás mulleres é violencia.

Distante eu de semellantes posicións, creo que segue sendo moi necesario

explorar máis e máis as raíces da violencia machista e como esta discorre polas veas das nosas sociedades ás que non somos alleas as mulleres que as conformamos. Importa arredarse «da tentación da inocencia», que dicía Françoise Collin, na que sectores do feminismo desexan manter as mulleres.

Queda para outra ocasión a tan complicada —e delicada— tarefa de explorar algunhas ideas e comportamentos das mulleres. Mentres quedan aquí preguntas para moer nelas:

- ▶ Por que non perciben os sinais (ás veces evidentes para o resto do mundo circundante) dos noivos maltratadores e se embarcan en vodas con ciuamentos e controladores?
- ▶ Por que algunhas que deron o paso de separarse dun maltratador convicto e emprenderon unha nova vida, tiran todo pola borda e regresan con el?
- ▶ Por que non é infrecuente que unha muller que estivo nunha parella na que era vítima de malos tratos, emprenda outras relacións nas que a violencia (de baixa, media ou alta intensidade) é a tónica?
- ▶ Por que unhas mulleres plantan cara e paran os pés a unha persoa maltrata-



Unha cuestión é a vella consigna do feminismo dos anos oitenta *Muller perde o medo, denuncia con nós, que convén seguir alentando, e outra facer da denuncia individual *conditio sine qua non* para todo: protección, seguridade e axudas*

dora á primeira e outras aguantan e aguantan mesmo algunhas chegando a situacións durísimas?

▶ Por que tantas adolescentes *se pirran* polos *malotes*?

▶ Por que o 7,5 % de adolescentes rapazas padeceron intentos de control a través do móbil e un 3 % de rapaces os exerceron e por que elas non dan maior importancia aos insultos, ameazas, ofensas ou sms que as asustan procedentes dos seus colegas?⁵

▶ Por que mulleres que sofren malos tratos de baixa e media intensidade non conseguen despegarse desas relacións?

▶ Por que tantas teiman en *salvar* ou rescatar aos pobriños varóns que sofren, que se fixeron alcohólicos, que non son capaces de refrear impulsos agresivos, aos que *un amor deixou cos brazos caídos*, aos que as *malas mulleres* amargaron a vida, que...?

▶ Por que milleiros buscan a *protección* varonil? De que queren ou precisan ser protexidas?

▶ Por que non falamos da violación, das que padecemos e das que poidamos padecer e por que non instruímos as fillas e as mozas sobre esta cuestión como se non existise?⁶

Poderíamos seguir preguntando e preguntándonos para indagar, para saber, para aquilatar. É necesario facelo ao tempo que seguimos denunciando esta violencia, implicando a homes e mulleres, esixindo das autoridades compromisos reais e medios (humanos e económicos) neste combate e furgarmos en nós e ao noso arredor para desmontar unha sociedade construída sobre as desigualdades e a violencia nas que o machismo xoga en primeira división. ■

⁵ Pode verse o estudo de 2013 *La Evolución de la adolescencia española sobre la igualdad y la prevención de la violencia de género*, dirixido por María José Díaz-Aguado, que compara co estudo de 2010.

⁶ Moi recomendable, o capítulo «Imposible violar a una mujer tan viciosa» do libro *Teoría King Kong* (2007) de Virginie Despentes.

Vítimas mortais de violencia de xénero en España	
Ano	Núm. vítimas
2004	72
2005	57
2006	69
2007	71
2008	76
2009	56
2010	73
2011	61
2012	52
2013	54
2014	47
Total 2004-2014	688

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

- Número de denuncias por violencia de xénero España 2013: 124.894.
- Vítimas mortais de violencia de xénero en Galicia 2012-2014: 13 (2012: 4; 2013: 3; 2014: 6).
- Número de denuncias por violencia de xénero en Galicia 2013: 5174.

Sentín a herba mollada nos pés,

correndo, galopando, chorando, derramándome polas esquinas esperando atopar algunha explicación, algún respiro. Saboreei as bágoas mesturadas coa suor, salobre, salgada, os meus piares tremendo. O meu corpo marcado para sempre, polo medo, por toda esa bagaxe de substancias que libera o meu cerebro. Porque corrín, pero non tan rápido nin tan lonxe, porque volví ao teu carón, a facerme aínda máis pequena ao teu lado, para axustarme ao teu tamaño, persoa de cabeza pequena, chea de forza bruta inculta e impredecible, chea de medos, a sentirte menos home por saberte menos ca min, medo de min, de todas as mulleres.

Escuridade escura.

Os golpes doían máis no corazón que no corpo, e aínda máis no recordo. Amábate tanto, amor cheo de pantasma e esperanzas, amor doente, amor truncado. E mentres tanto, eu enchéndome de inseguridades e vergoña, por deixar pasar o primeiro insulto, por destruír a miña femineidade, o meu feminismo, a miña vida. Esquecínme de que o amor era bonito, de que os compañeiros acompañan, lonxe dos meus, lonxe de min. Intentei atoparme e non quedaba case nada, esfumeime para non ver o que estaba ocorrendo, o que me estaba facendo, porque estaba cansa e tiña medo.

Muller asociada á dor, fermosa e triste, soa.

Aquel día non fuches ti, caín no chan chea de vida e chorando, na rúa Castrón d'Ouro comprendín tantas cousas. Descubrí que a forza está en cada célula do meu corpo, que son bonita, que as noites son para soñar e os

días para cumprir os soños, que co sorriso camiño máis alto e podo voar. Sen pechar os ollos vin osos polares e manatís. Pechei os ollos e acariciei a pel dun golfinho, suquei os cumes coas bolboretas Apolo e ameime tanto... Non mirei atrás e din o paso, foi máis sinxelo do que parecía, mirei o medo a cara e o medo pechou os ollos. Fíxeno. Por fin. Adeus.

A vergoña no chan e os pés no ceo.

E chegaron as miñas novas amigas *Incertidume* e *Arrepentida*, pero enseguida marcharon. Despois apareceron *Ilusión* e *Esperanza*, e quedaron. Uníronsenos *Ledicia* e *Serenidade*. Foi marabilloso, pasou todo, chegou a calma, chegou, sempre chega. E os días tornáronse naturais, espirituais, tranquilos, tan distinto, parecía todo tan novo para min, tan sinxelo.

Voando, voando, coñecín a lúa.

A miña forza bruta saíume do útero en forma de amor e puido con todo, porque son deusa de vida, de saias vermellas e peitos cheos, de amarelo e azul, de estrelas palpitantes, loba, leoa, meiga. Chea de amor propio e sen medo a sentir, a palpitar, a gozar de min, da vida, do amor lustroso, da realidade máxica, de lareiras prendidas, de carozos e de ollas cheas, de todo. Xa non son unha sombra, estou dentro de min, máis comigo mesma ca nunca. Oxalá puidera bórralo todo dos meus recordos, pero están aí para non volver a equivocarme, para saberme forte, para sentirme ben, agora si.

E cando todo xa era perfecto, chegou ela para encher a miña vida de luz e quedouse pintándoa de cores. ■

LILIANA COSTOYA SECO (2012)

PATRICIA ARIAS CHACHERO

Nunha sociedade que tende a colocar substantivos e adxectivos masculinos acompañando os nomes propios de muller, é importante lembrar que desde antigo existiron en Galicia profesións que tan só se designaron en feminino. Costureiras, comadroas, palilleiras, lavandeiras, mariscadoras, leiteiras ou



Polbeiras

tecedeiras, forman parte do abano de traballos que tradicionalmente desenvolvemos tan só nós, as mulleres. Algunhas destas ocupacións tiñan moito que ver coas tarefas propias da muller e, con frecuencia, realizábanse na propia casa, aproveitando o tempo que restaba tras completar o traballo do fogar e da crianza dos pequenos.

No caso das polbeiras non era así. Elas abandonaban cedo os fogares para emprender viaxes máis ou menos longas que lles permitían instalarse, sempre a primeira hora da mañá, no campo da feira sinalada. O traballo implicaba desprazarse e facelo cargadas, pois canda elas debían transportar o polbo, a pesada caldeira de cobre, o trespés, os ganchos, as tesoiras, os sacos de pemento e sal e, en ocasións, mesmo a leña e a auga que lles habían permitir cocer o alimento.

Un tal Froilán asina no xornal *El norte de Galicia: Diario político y de in-*

formación, un artigo costumista titulado «El San Froilán de 1922» no que comprobamos o carácter itinerante da profesión:

Ayer vi una de las más conocidas y respetables pulperas que suelen establecer sus reales en la plaza de la Mosquera. Ya verá usted que rabitos más sabrosos traigo este año –me dijo.

Y es que conviene anticipar la propaganda porque ya son muchas las que vienen camino de Lugo con sus calderos y tijeronas en riestra.

Cando a romaría ou feira eran importantes, as polbeiras debían permanecer no lugar máis dunha xornada. Daquela facían noite onde boamente podían, en casas particulares, humildes pensións e con frecuencia, ao aire libre.

Doutra banda, estas mulleres en nada se distinguían do resto dos feirantes que, co desenvolvemento da profesión, procuraban un ingreso económico que completase as ganancias cotiás,

normalmente relacionadas co traballo no campo ou coa crianza de animais. Ademais, cómpre ter presente que o proceso de compra e venda do polbo cocido ten mudado nos últimos anos, pois de lle facermos caso a Vicente Prado, o regateo propio dos mercados estaba plenamente vixente no ano 1953.

La pulpera tendrá que ir sacando del enorme caldero de cobre pulpos de todos los tamaños, repelados, sonrosados y humeantes, hasta que sus clientes decidan cuál van a comprar. Fijará luego un precio al elegido y siempre resultará doble del que los compradores digan estimar como justo. Quitando una y poniendo otros, por sucesivas aproximaciones llegarán la pulpera y los clientes a un acuerdo definitivo.

Sobre as ganancias que reportaba tan dura actividade debemos supoñer que sempre foron o suficientemente razoables como para compensar o esforzo. En época moderna, Josefa Mosquera Iglesias, unha polbeira de Arcos de 45 anos, afirmaba en 1992:

Unha traballadora con experiencia era quen de distinguir a aquela que se iniciaba escoitando o ruído descompasado dos cortes das súas tesoiras

Nalgunha feira de Maside chego a vender máis de 130 quilos de pulpo e noutra sóbrame con 40 quilos. Nas romerías e feiras ou festas boas pódense vender 1000 quilos [de polbo] os dous días. Pero noutras véndese moito menos. Romerías boas son «Os Milagros», «O San Benito», «A Magdalena», «A festa do pulpo de Carballino». Feira boa é a feira dos Santos de Monterroso, a do 31 de Nadal de Carballino. Estas feiras de remate de ano son moi boas.

Xaquín Lorenzo Fernández deixou recollida unha boa descrición da profesión, inda que, falseando a realidade, se empeñe en nomear ás traballadoras en masculino:

Chegado de mañán o pulpeiro á feira, escolle un sitio pra se pór e arma a caldeira sobor das trespés ou dunhas pedras que fan de fornalla. Enchen logo a caldeira de auga e acenden o lume por baixo. Cando a i-auga vai tépeda, bótanlle o pulpo e déixano cocer, coñcendo que está a punto cando se deixa furar por unha palla que se lle meta por unha das ventosas; entón mantense quente, mais sen que torne a ferver.

Ó seren horas de xantar, van chegando os siareiros, poilo pulpeiro adoita ter unha criantela fixa. Co gancho saca un pulpo e móstrallo ó comprador; se aquíl non convén, saca outro, até que apareza un axeitado; entón, coas tesoiras, vai cortando os rabos que fagan a ración pedida



pitándoos a seguir nun prato de madeira e coas mesmas tesoiras. O comprador pode entón marchar coíl ou agardar a que llo compreten con aceite, pemento e allo. Co seu pulpo e o garfo na man dereita e a xerra do viño na esquerda, vai en procura do bon sitio, tranquiío e á soma dun arbore, pró xantar de vagar e sen presas; outras veces faino no mesmo trabanco do pulpeiro.

Ó rematar, devolve ó seu dono o prato e o garfo e vaise, xa máis ledó, ós seus asuntos. O pago faise no intre de colle-lo pulpo pra xantar.

As polbeiras traballaban normalmente soas ou en compañía doutra moza que andaba aprendendo o oficio.



Se tiñan nenos pequenos acostumaban levalos con elas e cando ademais as acompañaba un home era un membro da familia, preferentemente o marido ou un fillo. Comezaban a traballar moi novas, como aprendizas vixiadas por outras polbeiras experimentadas. Desde nenas *arreglaban* o polbo; isto é, botábanlle o pemento e o sal, e practicaban a arte do picado sobre as cabezas do animal que non servían para comer. Unha traballadora con experiencia era quen de distinguir a aquela que se iniciaba escoitando o ruído descompasado dos cortes das súas tesoiras.

Sobre o carácter feminino da profesión escribe Xosé Antonio Fidalgo Santamaría en *Polas rutas do polbo e dos polbeiros tradicionais en Ourense*:

Para os antigos polbeiros tradicionais, todo o relacionado co polbo é fundamentalmente un traballo de muller. Consecuentemente ao longo dos anos, os labores de secar o polbo, mazalo, lavallo, transportalo aos lugares de venda, cocelo, cortalo, aliñalo, proporcionarlles as racións aos comensais e cobralas, recoller os pratos dos lugares en que os deixan e lavar as caldeiras e utensilios de traballo antes de volver ao fogar viñeron sendo uns labores basicamente femininos.

Nótese que seguindo a estela de Xaquín Lorenzo, Santamaría pese a recoñecer reiteradamente que tradicionalmente foi un oficio desenvolto por mulleres, empéñase no título do libro en designar en masculino ás traballadoras.

A día de hoxe non é doado explicar por que foron elas e non eles os que comezaron a percorrer feiras e romarías cargando cos pesados instrumentos. Talvez a escolla garde relación con que a cocina foi tradicionalmente un lugar reservado ás mulleres. Explicación que se nos antolla insuficiente, pois doceiros e panadeiros desenvolveron o seu oficio con perfecta normalidade.

O que é seguro é que as polbeiras, así en feminino, existen desde antigo. En 1752 nos libros do *Catastro del marqués de la Ensenada*, cítase que en Santa María e San Xoán de Arcos, moi preto do Carballiño, un total de nove mulle-

res que exercen como polbeiras ou se dedican a vender peixe nas feiras. Moito máis doado é explicar o comercio do animal mariño en terras tan afastadas da costa, pois sábese que o polbo chegaba ao mosteiro de Oseira procedente do priorado de Marín, que pagaba rendas aos monxes ourensáns.

En 1112 a raíña dona Urraca faille doazón ao cabaleiro Diego Arias do Couto de Marín, co peirao natural na foz do río Lameira, nace así Marín-Porto. Este, ao enviivar sen fillos, entra de cisterciense no mosteiro de Oseira, no que permanece uns catro anos. Pero fáiselle pesado e entra (1151) nos Hospitalarios de Pontemarín e failles doazón do couto de Marín, os cales farán todo o posible por quedarse con el, aínda que non o consiguen, porque o fillo de dona Urraca, Afonso VII, para que non haxa dúbidas confirma a doazón a Oseira.

Os excedentes monacais de polbo, peixe humilde e sufrido que realizaba a viaxe seco ou semisecho, remataban en Arcos, poboación próxima a Oseira que soubo facer da súa cocción un arte recoñecida en todo o mundo. Na segunda metade do XVII, os propios monxes de Oseira fundarán a feira do Carballiño, vila distante apenas uns quilómetros de Arcos, famosa hoxe pola súa Festa do polbo.

Santamaría apunta ademais que nas parroquias de Arcos os homes traballaban curtindo coiros, o que dificultaría que se puidesen ocupar do comercio do polbo. A curtume foi un oficio vil relacionado co tufo que desprendían as peles, circunstancia doadamente asociable coa conservación e almacenamento do polbo, pois foi este un alimento que, até a moderna aparición das cámaras frigoríficas, se secaba ao sol desprendendo un cheiro forte e desagradable.

Na actualidade, moitos lugares de Galicia reivindicán o traballo das súas polbeiras. Así, a polbeira de Melide, ás de Arzúa, ás de Sarria, a de Monterroso ou as que venden o seu produto polo San Lucas de Mondoñedo. Xunto ás do

Carballiño, que xa vimos que en realidade proceden de Arcos, son especialmente famosas as de Lugo, tamén chamadas froilanas como homenaxe ás festas de San Froilán que cada outubro enchen a cidade das murallas das tradicionais *casetas do polbo*.

Precisamente un 5 de outubro de 1928, en pleno San Froilán, pernocta en Lugo o escritor francés Mabile de Poncheville. Sen apenas tempo para coñecer a cidade, pois vai camiño de Compostela, Poncheville decide dar un paseo arredor da muralla. Niso anda cando, desde o alto da Ronda, observa a unhas mulleres cocendo polbo. O francés, que non comprende o que ve, confúndese con meigas.

Recollen a anécdota os dous grandes fabuladores da cidade, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole. O primeiro cóntanos:

Hai un testemuño dun francés, le seieur Jacques Mabile de Poncheville, quen facía o Camiño de Santiago a pe, e deuse pousada en Lugo, e saíndo a dar un paseo, denantes de se deitar, polas murallas, entre a porta de San Pedro e a do Castelo, nun saído que hai entre dous cubos, mesmo onde se conservan dous arcos que corroaban a cerca no antigo, viu unhas mulleres que azacaneaban acendendo lume debaixo dunhas grandes potas mouras, e coidou que aquelas eran as meigas ou bruxas de que lle falaran, e que estaban nin máis nin menos que en vésperas de aquelarre, facendo cociña.

Fole, moito máis gráfico, relaciona á escena con aqueloutra do inicio de *Macbeth* na que tres vellas bruxas vestidas de negro, remexen nunha pota:

El viajero, emocionado, lanza, desde una almena, la sonda de su mirar, a través de un bloque de sombra. Se vuelca en sus ojos la dramática visión de las brujas de Macbeth que atizan fogatas «semejantes a flores de fuego»...

El brujo pergenio de unas pulpeiras, que alimentan el fuego de sus calderas, dispara la fantasía del viajero hacia la creación shakespeariana.

Moitos anos despois, en 1979, José Fernández Ferreiro firma no ABC un artigo titulado «Pulpo a feira» no que tamén se refire a ese carácter mítico e máxico das polbeiras.

Na actualidade, moitos lugares de Galicia reivindican o traballo das súas polbeiras

[...] como tantas outras mulleres que saíron dos fogares para gañar o pan, demostran que somos quen de desempeñar con éxito os máis variados oficios

La diligente pulpeira, sacerdotisa de la feria, del «toural»; vestal de este templo multiforme, ruidos o y olores o como un océano humano. Aquí en el coto de Santa Susana, en el castro Libredón, desde donde todavía se divisa el mítico Pico Sacro a orillas del Ulla, donde vivió la reina Lupa y el último druida.

As polbeiras, como tantas outras mulleres que saíron dos fogares para gañar o pan, demostran que somos quen de desempeñar con éxito os máis variados oficios. E se a picardía para con elas foi, con seguridade, moita, elas foron arrichadas e souberon demostrar que non estaban dispostas a aturar aquilo que non procedía. E para mostra e como peche, unha anécdota que recolle Álvaro Cunqueiro en «A princesiña que quería casar», dentro do *Merlín e familia*:

O do criado dos bigotes roxos, i o señor Merlín preguntóme moi serio si estaba seguro, e díxenlle que sí, que aínda o bigotes comera o pulpo acaron de nós, e pagara con un peso, i a pulpeira que era a señora Benita de Sarria, rifóu con il, que o peso era sevillano. ■



Bibliografía.

- CALO LOURIDO, FRANCISCO (COORD.): *Antropología mariñeira: Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía. In memoriam Xosé Filgueira Valverde*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1998, p. 226.
- CUNQUEIRO, ÁLVARO: *Merlín e familia*, Vigo, Galaxia, 1981, pp. 48-49.
- *A cociña galega*, Vigo, Galaxia, 1983, pp. 81-82.
- FERNÁNDEZ FERREIRO, JOSÉ: «Pulpo a feira», ABC, 4-VI-1979.
- FIDALGO SANTAMARÍA, XOSÉ ANTONIO: *Polas rutas do polbo e dos polbeiros tradicionais en Ourense*, Ourense, Deputación de Ourense, 2012, p. 122.
- FOLE, ÁNXEL: «Las venticuatro horas lucenses de Mabile de Poncheville», *Cartafolio de Lugo*, Lugo, Círculo de las Artes, 1981, p. 165.
- FROILÁN: «El San Froilán de 1922», *El Norte de Galicia: Diario Político y de Información*, 26-IX,- 1922, p. 1.
- LORENZO FERNÁNDEZ, XAQUÍN: «Etnografía. Cultura material», en *Historia de Galiza*, 2, Madrid, Akal, 1979, p. 611.
- PRADO, VICENTE: «Pintoresquismo de la Feria de San Froilán», *El Pueblo Gallego*, 4-X-1953, p. 6.
- RIVAS QUINTAS, ELIGIO, e JOSÉ RODRÍGUEZ CRUZ: *Marín, terra e mar. Os mareantes da confraría de San Miguel*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 2005, pp. 21-32.

Exposición

muller de Papel: papel de Muller



ANA SASTRE

Este é o título da miña última exposición, que podedes ver no mosteiro de Samos ata finais de decembro.

Si, eu fago mulleres de papel. De papel reciclado. Con moitos papeis e madeira.

Como os múltiples e diversos papeis que ao longo da historia desenvolveron as mulleres.

Pensades que son fráxiles?...

Pois resultan duras e resistentes. **Coma nós.**

A razón pola que comecei con este traballo/paixón foi o cancro, a través do cal descubrín a miña forza.

Non só a miña. Tamén especialmente a da miña filla e outras moitas mulleres que me arrouparon.

E pensei que merecíamos unha homenaxe.

E nada mellor que representarnos naquelas que soportaron:

O paso do tempo, a couza, a humidade..., que lograron que non resultasen tan atractivas. **Coma nós.**

O maltrato, perderon mans, fillos, vestíronas e enxoiáronas desvirtuando a súa verdadeira personalidade, emparedáronas... **Coma nós.**

E a pesar de todo, aquí están, **a xunta de nós.**

Esas son as miñas, as nosas **virxes medievais galegas**, románicas e góticas. Co seu misterioso simbolismo.

Terra. Nai. Deusa. Raíña.

Ollade para elas.

Hainas pequenas e grandes. Alegres. Pensativas. Ergueitas. Sentadas. Aceptando. Fuxindo. Preñadas ou aleitando.

Misteriosas abrideiras...

E, a seguir na loita. ■

Carmucha, a miña primeira viaxe a América



M.^ª OLGA FONTÁN E LAURA LAMOSO

Nestas liñas relatamos a historia de Carmucha, unha muller de Ventoxo, unha aldea de Forcarei, moi cerquiña de Soutelo de Montes, no ano 1930. Nada nunha familia numerosa formada por avós, pais, tres irmáns e tíos. Nalgún momento eran once persoas na casa e a comida non sobraba:

Non pasei fame de pan porque nós cocíamos na casa, pero non había leite, nin ovos... Aínda que tiñamos cinco vacas na casa, galiñas e polos, non se comía nada, porque eran para vender na feira e comprar aceite, xabón e outras cousas necesarias... Matábanse dous porcos, pero eramos moitos a comer e non chegaban. Eu recordo comer pan con touciño e caldo con verzas... Hoxe xa non quero caldo nin verzas, xa comín bastante, agora que as reparta o corpo.

A primeira emigración na súa familia foi a do seu pai, Aniceto, que emigrou a Panamá. Desde alí enviaba cartos e empezaron a vivir un pouco mellor, pero seguía sendo unha casa con moito traballo no campo. Carmucha recorda ir coas

vacas para un prado que estaba lonxe da casa todo o día, cun anaco de pan e un chourizo. O día era moi longo e non podía volver a casa até que se facía de noite:

Cando tiña 15 anos fun coa miña nai a Pontevedra e comproume un chaquetón de la de carneiro no comercio de Olmedo cos cartos que nos mandara meu pai... Moito presumín no baile de Soutelo co meu abrigo novo e nas festas do patrón San Nicolao! O día da festa fomos ben vestidos a facer unha foto a miña nai e os meus irmáns, José María e Manolo, para mandarlla a meu pai a Panamá.

No ano 1952, Carmucha casou cun veciño da aldea que xa emigrara a Brasil tres anos antes. O mozo, chamado Raúl, fora a Salvador de Baía co seu tío Manuel, que xa levaba alí varios anos e xa tiña negocios e unha boa posición. Casaron en abril, na igrexa da Millarada e a festa foi na eira da casa de Carmucha. Mataron un becerro e unha cocifeira da aldea fixo a comida para todos os convidados:

LEMBRANZAS dunha época

Iamos os dous de negro. Eu cun vestido que me fixo unha modista de Tenorio, que daquela era un luxo, e el comprou un traxe tamén negro. Na miña voda faltou o meu pai porque estaba en Panamá e daquela non era fácil viaxar coma agora.

Despois da voda o novo matrimonio foi de viaxe ás catro provincias galegas, en autobús a Vigo, en tren á Coruña e tamén a Lugo e Ourense. Á volta da viaxe quedaron oito meses a vivir na casa de Carmucha, mentres arranxaban os papeis para o seu viaxe a Brasil.

A documentación para emigrar arranxábase en Vigo, na Casa López. Era unha pensión e restaurante cerca da estación de tren e o señor López preparaba todo o necesario para poder viaxar: billetes do barco, pasaportes, certificados... Así que embarcamos no porto de Vigo en xaneiro de 1953, nun barco chamado *Alcántara*. A noite anterior xa durmimos na pensión... Levabamos un baúl con sabas, algunha manta e a nosa roupa, unha maleta coa roupa necesaria para a viaxe, que duraba doce días e tamén levamos un colchón de la, porque non sabíamos se o podíamos comprar ao chegar. O barco saíu de noite do porto e facendo soar as sirenas, chorei moito cando vía como se afastaba a cidade e deixaba a miña familia atrás.

No barco Carmucha e Raúl compartían camarote cunha veciña de Soutelo que levaba dous rapaces e que viaxaban a Brasil para xuntarse co seu marido e pai. O camarote tiña dúas filas de liteiras, Carmucha durmía abaixo, o seu marido enriba e as outras dúas liteiras eran para os dous rapaces e a súa nai. A fiestra era un ollo de boi dende onde se vía o mar. No barco había varias categorías, pero eles viaxaban en terceira porque era máis barato:

Nós fomos en terceira porque non había cuarta, e menos mal, porque non queríamos gastar máis para aforrar todo o posible e ao chegar á Baía comprar un negocio. Xa levabamos aforradas cen mil pesetas, que daquela eran moitos cartos, pero o meu marido xa xuntara cartos nos tres anos que estivera alí. No barco pasámolo moi ben, nunca nos mareamos, paseabamos pola cuberta, comiamos nun comedor con mesas longas con máis xente, xogaban ás cartas... Eu non porque non sabía. Foi como outra lúa de mel, sobre todo para min porque nunca saíra da miña aldea.

O barco facía dúas escalas, primeiro en Tenerife e os pasaxeiros baixaban a pasear un pouco pola cidade e a segunda en Recife, outra cidade ao norte de Brasil:

Tenerife era moi bonito, pero en Recife vin por primeira vez na miña vida xente de cor... Que feos me pareceron entón!... No

porto de Recife había carretas con cabalos para transportar os baúis e as maletas que descargaban do barco. Estaba todo cheo de cagadas de cabalos e había moita xente de pel negra, iso chamoume moito a atención...

A chegada a Salvador de Baía tampouco foi moi agradable, era de noite, estaba chovendo e foron a unha casa vella compartida cos compañeiros de camarote. En Baía estaban esperándoos o marido da súa compañeira de camarote e o tío de Raúl, que daquela vivía moi ben, era coñecido en toda Baía como *o rei do toucinho*, porque tiña un negocio de venda ao por maior de carne de porco, no que traballara Raúl os tres anos que estivera en Brasil:

Que tristeza me deu. Estaba chovendo, era de noite e aquela casa era peor que a que eu deixara na miña aldea. Non tiña baño, fóra había unha finca cun burato no chan para facer as nosas necesidades, tiña auga corrente, pero fría... Menos mal que alí facía calor!... Eu pensaba que ir a América era para ir a mellor, pero aquilo non me gustou nada, pensaba que saíra de Ventoso para ir a un sitio mellor, pero aquilo era peor...

Carmucha e Raúl viviron nesta primeira casa compartida durante dous meses, despois compraron un negocio de alimentación grazas aos cartos que tiñan aforrados e aos mil cruzeiros que lles enviou dende Panamá o pai de Carmucha. O negocio estaba na planta baixa e arriba había una vivenda con dúas habitacións. Tiñan dous empregados, un negro e outro branco, que comían e durmían na mesma casa. No negocio vendían arroz, feixón, azucre, fariña, queixo, pan... Carmucha facía a comida para todos eles, pero o empregado branco non comía nada, non lle gustaba a comida que ela facía:

Nesta casa estaba feliz. Xa estaba embarazada da miña primeira filla, embarcei no barco... Non perdín o tempo e iso que compartíamos camarote! A prima do meu marido facíame debuxos nas teas das camisolas e eu, sentada cerca da fiestra bordaba a man toda a roupiña para a miña filla. Estaba acabada de casar, esperando o noso primeiro fillo, xa vivíamos mellor que na nosa aldea. A partir de aquí empezoume a gustar moito Baía, coñecín a moita xente, fixen moitas amigas. Co tempo fomos vivindo mellor e a verdade é que eu non quería volver a España. Se por min fose, aínda hoxe viviría en Brasil, pero o meu marido sempre tirou para España... ■

Poesía

LARA ROZADOS

«Hai que andar co mundo»


Á Luísa (avoa de Chus de Moalde)


Gastamos a vida toda
en llelo ensinar aos fillos,
pero o tempo pasa
e cómenos.
Cando o Bush saía pola
televisión
dicindo
que querían ao
Bin Laden vivo ou morto
e ti dicías
«Pero, daquela,
non está a facer el o mesmo
que di que está mal
dos outros?»,
nós mirámoste,
pensando para nós:
«Señora,
que veñan escoitarllo
os das Nacións Unidas
que aínda non o entenderon».
Cando a neta che sacaba un refrán
sempre llo completabas.
Acordábanche as
«retahílas»,
acordábanche
as cousas que riman.

Forcarei

A quen temos a capacidade
de non deixar nunca
de ser nenas
médrannos paxaros
na pel.

Toleamos con gana,
acordamos de vez.
Algo sáenos do peito
e bota a voar.





Alerta bichos!

Unha avéspera velutina
pousou no brazo dereito,
e da hostia que lle caeu
aterrou na coxa esquerda.
Deixou alí a queixada, a tipa.

Os tabaos rillaran
nos brazos e pernas
cando mirabamos
a Pedra das Ferraduras
e máis a
casa de Xan do Ghabían.
Tamén os toxos
na subida
á Pedra de Aldara
(xa non chegamos).

Os bichos campan na uretra,
os ovarios rebentan coa dor,
as neuronas desgástanse.
Fendes a pel seguido.
«Your body is a battleground».

Infancia

Este escritorio era unha cova.
Co irmán,
xogabamos de cativos
a refuxiarnos nel,
porque fóra era o trebón,
eran barcos a afundir,
e estrar «chapapote»,
era o caos.

Daquela estaba posto
coas costas apegadas
ao cabeceiro da cama,
e entón xa era todo
un pasadizo segredo:
enganchabamos o escritorio-cova
coa gruta de andar arrastrándose
por baixo da cama,
e o parqué parecíanos area mollada.

Agora é curioso
sentar en fronte del
con vinte anos máis enriba
e lembrar aquilo.
Cando perdemos a capacidade
de atopar covas secretas
nos mobles?

Coa idade,
pola contra,
desenvolvemos a capacidade
de atopar
outros recunchos
nos que xogar,
ou outras escusas
para non medrar demasiado.

E así escribimos
coma quen trouxa,
coma quen ten necesidade
de botar por fóra. ■

Libros



Como ser muller

MORAN, Caitlin: *Cómo ser mujer*, Barcelona, Anagrama, 2013, traducido por Marta Salís, do orixinal *How to be a woman*, Ebury Press, Londres, 2011.

ESTRELA VILAVERDE CREO

Así nos increpa a autora reivindicando a palabra feminismo:

[...] aquí tes o modo máis rápido de descubrir se es feminista. Ponte mans á obra

- a) Tes vaxina?
- b) Queres responsabilizarte dela?

Se en ambos casos contestaches «si», entón parabéns! Es feminista.

Destacando a súa necesidade tanto ao longo da historia como na actualidade.

Que credes que é o feminismo, señoras? Que aspecto da «liberación da muller» non vai con vós? O dereito ao voto? O dereito a non ser propiedade do home co que casas? A campaña pola igualdade de salarios?

Dunha maneira directa e divertida a autora mestura o relato autobiográfico coa análise de diversos temas, como a masturbación, a sexualidade, a pornografía, a maternidade, o aborto, a relación co propio corpo, as relacións de parella, o traballo... sempre sen pelos na lingua (pero si reivindicándoos na cona) e cunha xenial retranca. Sorprende a franqueza coa que fala destes te-

mas, cando ademais os analiza desde unha perspectiva moi persoal, e tamén o positivismo co que afronta a loita feminista.


Caitlin Moran é a maior de oito irmáns, deixou a escola aos 11 anos para ser educada na casa e aos 18 xa presentaba un programa de televisión e tiña unha columna en *The Times*, onde aínda escribe.

O libro vendeu máis de medio millón de exemplares, sendo adquiridos os dereitos de tradución para vinte e catro países.

Ademais Caitlin ten grande presenza nas redes sociais, sendo seguida no twitter (<https://twitter.com/caitlinmoran>) por máis de medio millón de persoas.

Se aínda non liches este libro, recoméndoche que o fagas canto antes e, sempre que poidas, en sitios públicos (no autobús, no parque, na consulta do médico, na biblioteca...), porque así espertarás a envexa dos que te arrodean, que mirarán de esguello pensando «que estará lendo esta que tanto ri...», e ti amosaraslles a portada, para que tomen nota: *Cómo ser mujer*. ■

Libros



A destrutiva mentalidade patriarcal

NARANJO, Claudio: *Sanar la civilización: Llevar la transformación personal a la sociedad a través de la educación y la familia intrapsíquica*, Barcelona, Ediciones La Llave, 2011, 2ª ed. 272 pp.

LAURA GÓMEZ LORENZO

Antes de comezar a comentar este espléndido libro do psiquiatra chileno (nacionalizado estadounidense), investigador, formador, escritor e figura emblemática da psicoloxía transpersoal Claudio Naranjo, quero traer aquí un ilustrativo exemplo —tirado doutra fonte— da problemática que el debulla nesta obra.

Leo nun artigo de *Le Monde Diplomatique* do pasado mes de setembro,¹ «O cerebro non pensa só», asinado por catro especialistas franceses en psicoloxía cognitiva, unha alerta sobre as ameazantes derivas no uso da imaxe por resonancia magnética funcional. Indican que desde que xurdiu este invento, na fin da década dos oitenta, aparecen a diario entre cinco e oito artigos en revistas científicas internacionais. Certos autores, con repercusión mediática importante, dan a entender que a imaxe cerebral permitiría ler os nosos pensamentos, adiviñar as nosas preferencias políticas, predicir as nosas competencias sociais e desvelar a nosa personalidade. Pretenden que escanear o cerebro humano permitiría avaliar os riscos,

comprender mellor as eleccións dunha cidadá, a personalidade dun delincuente —mesmo as súas probabilidades de reincidencia—, as dificultades dunha alumna, as decisións dun axente económico, etc.

Esta perspectiva resulta moi inspiradora para empresarios e poderes públicos, pois se a delincuencia, o fracaso escolar ou a pobreza se poden diagnosticar a partir de neuro-imaxes, para que investir en políticas educativas ou en inserción social? Obviamente o invento está a experimentar un notabilísimo éxito. Posto que estas *probas científicas* xa se veñen empregando en procesos xudiciais en distintas partes do mundo desde hai dez anos, en Francia a lei de bioética de 2011 autoriza a produción de neuro-imaxes perante os tribunais. A carreira competitiva entre os Estados Unidos e Europa polo desenvolvemento de sistemas para *desencriptar o cerebro* está en marcha, coa asignación de inxentes orzamentos.

Tres son os fabricantes dos aparellos para producir neuro-imaxes repartíndose o negocio a nivel mundial: Gene-

ral Electric (Estados Unidos), Phillips (Países Baixos) e Siemens (Alemaña). O prezo medio dun destes sistemas, achégase á *módica* cantidade de 1,5 millóns de euros. A cifra global de negocio para o próximo ano 2015, 7000 millóns de euros. Os orzamentos para a investigación no eido das ciencias e a cognición, devorado pola neuro-imaxe.

A ciencia-espectáculo está servida!, puro determinismo biolóxico. «O libre albedrío non sería pois máis que unha crenza popular arcaica desconectada do progreso da ciencia», sinalan a investigadora e o seus colegas asinantes. E conclúen:

O cerebro é o substrato material da nosa actividade mental, mais el non pensa; só a persoa pensa. E o contido dos seus pensamentos atopa a súa orixe no exterior do cerebro, no seu contorno interno e externo. A imaxe non permite ver

¹ CLÉMENT, Evelyne, Fabrice GUILLAUME, Guy TIBERGHIE e Bruno VIVICORSI: «Le cerveau ne pense pas tout seul», *Le Monde Diplomatique*, núm. 726 (setembro, 2014).

«O cerebro é o substrato material da nosa actividade mental, mais el non pensa; só a persoa pensa. E o contido dos seus pensamentos atopa a súa orixe no exterior do cerebro, no seu contorno interno e externo»

os pensamentos, senón correlatos biolóxicos do que fai un ser humano cando dicimos que pensa: actividade eléctrica, variación do fluxo sanguíneo, etc. O cerebro é a condición obxectiva da realidade mental, pero é esta realidade mental a que o conforma. Esquecer estes dous feitos indica neuromitoxia científica.

Son verdades de pé de banco, non? Como teñen, pois, a ousadía de tentar facernos tragar tales rodas de muíño? Pois esta ficción de ciencia xa está aquí, instalada no noso presente.

Sanar la civilización pon ao descuberto esta e outras trampas dunha sociedade fondamente enferma:

Ata época recente, a ciencia ocupou o lugar que ostentara un día a autoridade relixiosa. Sen embargo o coñecemento científico tense ido convertendo cada vez máis en cientifismo, é dicir, en pretensión de que a ciencia pode comprendelo todo e de que todo aquilo que non comprende, sinxelamente, non existe. Podería argumentarse que a idolatría da ciencia subxace á idea moderna de que gobernar o mundo aténdose a meros criterios económicos coa axuda de medios informatizados é a opción máis intelixente. Tamén podería dicirse que subxace á crenza contemporánea de que, tendo en conta a abstracción do *homo economicus*, en tanto que arrastrado polos seus impulsos egoístas, non fai falta dirixirse a seres humanos reais e a misteriosa complexidade da humanidade viva.

As respostas de por que isto acontece son ben simples, indica o autor que o cientifismo é unha máis das manifestacións do orgullo e o exceso que amosa a nosa sociedade; un concepto que na antiga Grecia se designaba co termo *hubris*, «arrogancia» ou «desmesura». E a «silenciada raíz» común dos nosos males principais —violencia, inxustiza, corrupción, autoritarismo, etc.— estriba na organización patriarcal da mente humana e da sociedade. «Silenciada raíz», di, polo xeito en que se ten negado desde o poder, os ambientes académicos e a opinión pública, maioritariamente, ese recoñecemento de que é a mentalidade patriarcal a cerna da nosa problemática.

Desenvolve Naranjo unha ampla exposición histórica da organización patriarcal desde os seus inicios, come-

zando polo mesmo termo, introducido polo historiador suízo Johann Bachofen a finais do século XIX, para referirse a sociedades que reaccionaron contra o matrismo, termo acuñado por Marija Gimbutas para designar as sociedades con preeminencia de valores considerados femininos (as culturas matriarcais, é dicir, co predominio de mulleres líderes, foron, ao parecer, sumamente raras).

Todo parece indicar que a nosa vida colectiva se iniciou como un filiarado baixo a éxida de eros —a sabedoría instintiva— e o gozo da liberdade: un filiarado animal que, de feito, perdurou durante os primeiros tempos da humanidade. Pero non é difícil imaxinar que, á vista da necesidade de supervivencia e a dureza da última glaciación, aquela anarquía orixinalmente harmónica acabou desembocando nun exceso individualista de explotación e criptocanibalismo.

Sen embargo, chegou un momento en que a brutalidade do voraz e degradado neno interior da nosa especie comezou a ser socializada e depurada durante a alba da antiga era matrística, no Neolítico (polo menos no caso dos nosos antecesoros arios e semitas, quen foron tribais antes de tornarse despóticos). Podemos supor que coa expansión da seca os homes máis autárquicos, que se resistiran desde o principio á vida sedentaria, desencadearon unha agresión colectiva cara ás sociedades agrícolas (simbolizada polo relato de Caín e Abel) que conduciu finalmente ao patriarado.

Caracteriza o poder patriarcal hoxe a través de tres aspectos: «impunidade institucional ou corrupción sistémica», «carácter criptofascista do mundo contemporáneo» e posición prominente dos Estados Unidos.

[...] Un complexo de explotación, escurantismo e engano ten controlado o mundo desde tempos inmemoriais, pero agora ese control é tan complexo que por primeira vez parece alcanzar a súa plena estatura, de xeito que podemos distinguir con maior claridade os seus monstruosos trazos.

Non é o propósito deste crítico da modernidade deterse na visión apocalíptica. Con honestidade intelectual, arrisca e propón solucións amplamente argumentadas para superar este estado alarmante da situación: un desenvolve-

mento masivo da conciencia persoal capaz de mudar a conciencia colectiva e a aposta decisiva por unha educación integradora e liberadora. Estes cambios requiren dunha fonda comprensión do funcionamento do «ego patriarcal», de autoconecemento, para manter tanto en nós como na sociedade un saudable balance, de vontade para perseverar e realizar tan difíciles cambios. Malia que as causas sexan simples, as solucións semellan complexas.

Comenta que as intuicións dalgúns visionarios do pasado século como Gurdjieff ou Tótila Albert sobre o noso funcionamento intrapsíquico son actualmente algo perfectamente probado polas recentes investigacións de Paul MacLean, que revelan a estrutura tripartita do cerebro humano:

[...] pensamento, sentimento e acción correspóndense con tres áreas específicas da nosa neuroanatomía: neocórtex, cerebro medio e cerebro arcaico. [...] só o neocórtex —de orixe evolutiva máis recente— pode considerarse o cerebro humano propiamente dito, xa que compartimos o cerebro medio relacional cos nosos antecesoros mamíferos, mentres que o cerebro arcaico instintivo é similar ao dos réptiles.

A partir desta organización triunaria, desenvolve Naranjo a súa teoría sobre a experiencia humana das tres formas de amor e a familia interior en cada persoa: o «amor paterno» ou *filia* orientado cara aos principios, as ideas, os ideais..., o respecto, a adoración e a devoción; o «amor materno» ou *ágape*, xenerosidade, empatía e compaixón, orientado cara aos seres individuais e baseado non tanto nos méritos como nas necesidades; o «amor filial» ou *eros*, orientado cara a busca elemental do pracer e da felicidade. Do equilibrio, bastante infrecuente, dos nosos tres cerebros e destas tres formas de amor depende, na súa opinión, a saúde mental e a felicidade e atribúe a fragmentación das nosas mentes á nosa común educación patriarcal.

Así, o predominio na cultura do intelecto sobre a afectividade e o instinto (considerado como algo negativo xa

desde o *Xénesis*) é para el unha manifestación primordial da mente patriarcal:

[...] O patriarcado estivo aliado desde as súas orixes co intelecto e a razón sinxelamente porque o feito de ditar o que as persoas deben pensar e crer tamén axuda a controlar o que din e fan.

Advirte das trampas nas que tan frecuentemente caemos por mor desta programación, entre outras:

[...] son os nosos ideais os que, tan só por renderlles adoración, contribúen a que nos sintamos virtuosos, aínda que fracasemos en serlles fieis cos nosos actos.

Porque a mentalidade patriarcal transmítese «como unha epidemia a través da cultura»:

A nosa vida emocional é, no canto dun abrazo triplo entre as tres persoas interiores, o resultado da disfunción da nosa familia interior. Nese caso, a empatía mamífera que caracterizou a nosa vida no antigo período Neolítico, xunto á sabedoría arcaica máis orgánica herdada dos réptiles, languidece nunha prisión intrapsíquica onde o carcereiro (que tamén é xuíz e acusador) esgrime unha espada que pretende brandir no nome da vontade divina, da xustiza humana e dos máis elevados ideais. E é que a mentira implícita á idealización do espírito patriarcal convértenos a todos en adoradores de becerros de ouro.

Unha sociedade sa non resulta, pois, posible sen unha boa parte de persoas en si mesmas integradas, e cita a Gurdjieff, «para poder *facen*, primeiramente cómpre *ser*». Por iso, a súa principal esperanza consiste no cambio da educación:

A curación —que só ten lugar cando alcanzamos un grao de desenvolvemento humano caracterizado pola comprensión, a sensibilidade á beleza e a orientación espontánea cara o ben— esixe, polo xeral, unha difícil viaxe heroica que poucos están dispostos a levar a cabo. Así pois, a prevención das nosas doenzas psicoespirituais resulta moito máis sinxela que a súa curación. Por ese motivo [...] creo que a educación pode, neste momento da historia, fornecer un potencial salvífico moito maior.

Ese cambio no eido educativo indica unha dirección diametralmente oposta á actual, baseada na instrución e na transmisión informativa, na aproba-

ción de exames e a competencia polas cualificacións, que, na súa opinión, «preman a vaidade e a vantaxe persoal despoñando a aprendizaxe de todo pracer e destruindo o desexo natural de aprendizaxe», que priva ao alumnado de autoridade —«castrámoslos psicoloxicamente co noso despotismo institucional»—. Non son pequenas bestas que é preciso domar ou *civilizar*.

[...] sobre o que significa educar para a totalidade, un currículo educativo integral tamén debería incluír a reintegración do aspecto instintivo da mente para sanar a actitude represiva que acompañou a mente patriarcal desde os inicios da vida civilizada. [...] a educación non só debería interesarse na capacidade de pensamento e no desenvolvemento de lazos afectivos sans, senón tamén atender á liberdade e a felicidade das persoas.

[...]

[...] Así, sería importante que ao contemplar a educación do futuro, ese «laboratorio de relacións humanas» que veño propondo [...] se oriente non só cara valores tales como a xenerosidade e o aprecio, senón tamén cara a sinceridade, a liberdade e a coraxe de ser un mesmo.

E para este cambio na educación, invita especialmente a educadoras e educadores ao seu propio proceso de autoconecemento e sanación, a superar a súa desmotivación nutrindo a súa vida emocional:

A capacidade para transmitir valores non require tanto de habilidades específicas como dunha transformación da personalidade que conduza ao individuo desde unha especie de condición larval (a condición humana ordinaria) ata un estado de saúde e plenitude. Dito na linguaxe da psicoloxía transpersoal, esa transformación implica a desidentificación relativa do ego, a cal posibilita, a súa vez, a liberación do ser esencial da persoa.

Sanar la civilización é un apaixonante ensaio dun mestre de docentes e psicoterapeutas gestálticos, dun buscador da sabedoría de espírito esperto e con vocación de servizo aos seus 82 anos. ■

(Springs, Gauteng, 20 de novembro de 1923 – Johannesburgo, 13 de xullo de 2014)

Filla de emigrantes xudeus de clase media, a escritora e activista *antiapartheid* sudafricana Nadine Gordimer naceu nunha poboación mineira próxima a Johannesburgo. O pai, reloxeiro, procedía de Lituania e a nai, do Reino Unido.

A súa vocación literaria foi temperá, empezou a escribir aos 9 anos e publicou aos 15 o seu primeiro relato curto nunha revista literaria. Non destacou como estudante nin chegou a rematar os seus estudos universitarios.

Con 25 anos trasladouse a Johannesburgo, onde fixou definitivamente a súa residencia. Un ano despois, en 1949, publicou o seu primeiro libro, un conxunto de relatos titulado *Face to Face (Cara a cara)*, e contraeu matrimonio. Publicou a primeira novela, *The Lying Days (Os días mentireiros)*, en Londres en 1954. Nese mesmo ano contraeu segundas nupcias.



Nadine Gordimer

Na súa carreira literaria de máis de sesenta anos, publicou (á parte de crítica literaria e artigos xornalísticos) máis de trinta libros, que foron traducidos a moitas linguas, especialmente desde que en 1991 recibiu o Premio Nobel de Literatura, «pola súa escritura épica de enorme beneficio para a humanidade». Cun estilo sobrio que fuxía de toda sorte de sentimentalismo, construíu unha obra alicerzada na responsabilidade e no compromiso, sen restarlle por iso calidade nin orixinalidade.

Foi unha destacada integrante do Congreso Nacional Africano e defensora da causa de liberación de Nelson Mandela, con quen chegou a manter unha estreita amizade. Varias das súas obras foron prohibidas polo goberno anterior a Mandela. Recentemente criticara ao actual presidente sudafricano, Jacob Zuma, opóndose a un proxecto de lei que limita a publicación de información considerada sensible polo Goberno.

Nos seus últimos anos traballou na loita contra a SIDA, recadando fondos para a entidade Treatment Action Campaign, un grupo que axuda as persoas enfermas a obter medicinas gratuítas para salvar as súas vidas. ■

Para saber máis:

<http://www.epdlp.com/escritor.php?id=1776>